JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Xunto a estas determinacións de regulación normativa, a política de rehabilitación da vivenda constitúe o instrumento esencial para o mantemento e a recuperación do uso residencial.

Trataríase de recuperar para o uso residencial as vivendas baleiras existentes ao interior do ámbito e neste sentido a proposta do Plan fundaméntase nas seguintes liñas de actuación:

- Establecemento dun Programa Xeral que permita dimensionar ritmos e recursos necesarios para garantir a rehabilitación do conxunto de vivendas que posúen un estado e nivel de servizos subestándar e daquelas outras que, ao longo do período de vixencia do Programa, se prevé demanden actuacións rehabilitadoras de maior ou menor entidade.
- A instrumentación xeneralizada da rehabilitación, co desenvolvemento de todos os medios previstos na lexislación vixente, haberá de permitir a introdución das políticas de protección á vivenda no ámbito, como medio para preservar o entramado social en toda a súa diversidade e evitar a expulsión dos grupos sociais con menor capacidade económica.
- Establecemento de axudas especiais á rehabilitación que complementen as xa establecidas con carácter xeral para a rehabilitación de vivenda e para a rehabilitación dos conxuntos históricos galegos. Estas axudas, tamén municipais, con carácter de subvención a fondo perdido, poderán ser económicas e en especie, correspondendo estas últimas á prestación gratuíta ou subvencionada de servizos de redacción dos proxectos técnicos de rehabilitación, de dirección facultativa das obras, e de xestión e asesoramento para a rehabilitación.
- Reforzo do Servizo de xestión e asesoramento á rehabilitación da actual Oficina de Rehabilitación que canalice a información, difusión e xestión das axudas, o seguimento técnico dos programas, o asesoramento aos beneficiarios e a confección de proxectos técnicos de rehabilitación, dirección facultativa e vixilancia das obras.

A recuperación do uso residencial directamente apoiado coas medidas antes mencionadas, necesita como condición imprescindible a creación dun nivel de dotacións de equipamento social adecuado ás esixencias deste tempo. A dotación e recualificación dos equipamentos sociais e dos sistemas de espazos libres vén a ser a condición para a consolidación dun hábitat residencial estable, social e demograficamente recuperado.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Resultan por tanto de primordial importancia para a recuperación do uso residencial as propostas de recuperación e mantemento do equipamento primario e a mellora e recualificación das zonas verdes e espazos libres do Plan Especial, que se detallan pormenorizadamente no apartado correspondente desta Memoria.

Outro tanto cabe dicir das medidas de mellora do espazo público e do ambiente urbano en xeral que, baixo o criterio de acadar un nivel de calidade homoxéneo para todo o ámbito, detállanse no apartado especificamente dedicado a eles.

· A consolidación das funcións centrais e das actividades económicas

O Conxunto Histórico concentrou tradicionalmente unha variedade de usos que constitúe un valor urbanístico a recuperar. Esta condición definiu durante un tempo o seu papel central na cidade. As actividades económicas, en ordenada convivencia coa vivenda, caracterizaron o ambiente urbano propio dunha cidade histórica.

Nas últimas décadas, as pautas de crecemento urbano da cidade de Monforte de Lemos levaron ao Conxunto Histórico a unha situación de deterioro do seu ambiente urbano. As limitacións físicas e de accesibilidade motivaron en ocasións o abandono das actividades. Noutros casos a escaseza do seu espazo deu lugar a unha presión sobre as actividades máis débiles como o pequeno comercio ou a vivenda que sumou á conxestión, a desaparición da vida cotián nalgunhas partes do seu ámbito.

Unha concepción integrada da recuperación do conxunto histórico como feito urbano, esixe a preservación, actualización e atracción de actividades económicas capaces de desenvolverse en condicións de compatibilidade coa conservación do patrimonio e coa rehabilitación residencial. A isto se dirixen as propostas urbanísticas do plan especial.

Así, o Plan Especial pretende a consolidación daquelas actividades desenvolvidas no ámbito que garantan a preservación das súas funcións centrais naqueles ámbitos da actividade urbana xa consolidados ou para os que as características físicas de determinadas partes do ámbito constitúen un marco idóneo, dentro da compatibilidade xeral coa súa substancia residencial.

As actividades comerciais e de servizos no miúdo e rico tecido constituído polos locais pequenos e medios en planta baixa, e a oferta singular de determinados contedores como a Praza de Abastos que constitúen importantes elementos de dinamización urbana, son actividades que se preservan e potencian.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



Propónse a recuperación dun tipo de actividade para o conxunto histórico que compatibilice a capacidade de atracción coa preservación do principal factor de competitividade que presenta fronte aos novos espazos comerciais e de actividade: a calidade do ambiente urbano e a excepcionalidade do marco urbanístico e arquitectónico.

Un espazo que debe caracterizarse pola presenza mixta de actividades comerciais, dotacionais e de servizos, compatibles coa vivenda, de actividades artesanais, de ocio e relación, hostaleiras e turísticas, marcadas pola singularidade dun espazo urbano de excelencia onde a utilización peonil, a súa calidade estancial e a variedade e riqueza da vida urbana deben de constituír o seu principal aliciente, apoiadas nunhas medidas activas de rehabilitación de vivendas para fixar ás poboacións residentes e reocupar as vivendas desocupadas; coas accións públicas de formación, asesoramento e fomento dirixidas a empresarios e traballadores para a modernización, diversificación e adaptación das vellas estruturas comerciais, artesanais, hostaleiras e de servizos, e a atracción de novos emprendedores; coas medidas normativas que impidan tanto a substitución xeneralizada das vivendas como a sobreespecialización e concentración de actividades incompatibles coa calidade ambiental esixible nunha zona residencial.

Con este obxectivo o Plan establece unha regulación de usos sensible ás diferentes situacións que en calquera caso ten incidencia na convivencia cos usos residenciais en termos funcionais, sociais e económicos, primando a existencia de usos exclusivos na edificación e regulando a compatibilidade que, en calquera caso, terá en conta as actividades xa implantadas.

O conxunto de usos aos que nos temos referido pretende consolidar e enriquecer o complexo de actividades de diferente rango que ata o momento viñeron garantindo as funcións centrais do ámbito. A consolidación polo Plan destes usos pretende manter funcións centrais, non conxestivas, potenciadoras do uso peonil do ámbito, compatibles coa recuperación residencial e social e coa protección do patrimonio edificado.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)	

DOCUMENTO: 20200411120
 Fecha: 07/12/2020
 Hora: 07:44



5.2. A REHABILITACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E A MELLORA DO AMBIENTE URBANO

5.2.1. Mobilidade e accesibilidade

As propostas de regulación do sistema viario no ámbito do Plan Especial, cun carácter non vinculante, van dirixidas á implantación de medidas de mellor utilización da estrutura viaria, onde combinar un uso maioritariamente peonil onde a capacidade da planta do Conxunto Histórico e menor, a mellora da calidade ambiental e a conservación do patrimonio construído non só o recomenda senón o esixe, coas interferencias dun tráfico de acceso e de paso de carácter radial conformado dende o sistema de entradas.

Neste esquema, cambiante en canto a funcionalidade nos últimos anos coa culminación do Corredor de Alta Capacidade Nadela-Sarria-Monforte, que fai descansar as novas accesibilidades polo bordo oeste, perdendo intensidade o tráfico a través da avenida de Morín, constitúe un obxectivo básico do Plan Especial a peonalización da ponte medieval e polo tanto a reordenación dos tráfico en Santa Clara, onde moitos deles proveñen do Hospital Comarcal e utilizan a ponte como atallo, e na Praza Doutor Goyanes e na rúa Doutor Casares que ao perder intensidade de tráfico permiten producir actuacións que melloren os fluxos peonís.

Outro ámbito que debe ser obxecto de análise previa á súa posible remodelación e o que se conforme en torno á Avenida de Galicia, Rúa Cardenal e Roberto Baamonde, onde conflúen o sistema de entradas radiais tradicionais xerándose problemas de conxestión de tráfico e de conflito entre os tráfico rodados e os fluxos peonís en sentido rúa Cardenal-Campo da Compañía, cuxa solución podería pasar pola reapertura ao tráfico do treito final da Avenida de Galicia e a reordenación das direccións de circulación.

Neste esquema comeza a emerxer un anel circunvalatorio do espazo central do Conxunto Histórico composto polo Paseo do Malecón, rúa Hortas, Avenida de Galicia, rúa Roberto Baamonde, rúa Calvo Sotelo e rúa Zapardiel, dotada esta última de condicións axeitadas de urbanización, que delimitaría un espazo onde a compoñente peonil debería ser prioritaria, atendendo tanto ás características xeométricas e topográficas do viario, como á mellora da calidade ambiental, á existencia de dotacións de rango cidade, ou a perda de intensidade dos fluxos polo corredor tradicional norte da Avenida de Morín, eliminando simultaneamente o aparcamento indiscriminado.

Esta regulación do aparcamento indiscriminado, debe estenderse ao conxunto do ámbito, propiciando unha racionalización da súa intensidade e aquilatando as reais necesidades.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Neste sentido, en principio e en tanto non exista unha alternativa na proximidade, o Plan Especial mantén o aparcadoiro no Parque dos Condes, como tolerancia da cualificación da zona verde establecida no planeamento municipal vixente, sen renunciar a unha mellora ambiental coa introdución de arboredo que discipline as prazas de aparcamento e dote de sombra ao espazo.

Igualmente mantéñense os aparcadoiros municipais, actualmente existentes en espazos vacantes e parcelas de titularidade pública, consolidando o da rúa Inés de Castro, preto da Praza de Abastos, que, debido ao desfase topográfico en relación á rúa pode acoller un incremento das prazas.

Por último, e nas inmediacións da Igrexa da Régoa, en terreos do actual Parque dos Loureiros, se dispón dun aparcamento ao servido do centro docente existente así como dos habitantes da rúa Pescaderías, Falagueiras e contorno, que elimine o actual aparcamento no adro da Igrexa de Régoa, que constitúe un mirador de singular importancia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.2.2. Mellora e rehabilitación do espazo público

No referente á intervención sobre o espazo público o Plan Especial desenvolve unha reflexión proxectual baseada na nivelación dos acabados de urbanización, que constitúe un dos aspectos singulares do proxecto urbano deseñado.

Partindo da análise referida ao estado xeral do espazo público no que respecta aos niveis de urbanización resulta necesario estender ao conxunto do ámbito o estándar de urbanización acadado en determinadas rúas e prazas; resolvendo deficiencias na urbanización, unificando criterios de aplicación de materiais e acabados a partir da posta en valor dos vellos pavimentos pétreos.

Un esforzo adicional de soterramento dos servizos infraestruturais, eliminación de intrusionés visuais, acondicionamento de beirarrúas, introdución de arborado, sistematización e ordenación da información (rótulos, carteis) e do amoblamento urbano, contribuirá á mellora da calidade ambiental do Conxunto Histórico e deberá constituír unha acción sistemática sobre o espazo público que se sume ás actuacións específicas das distintas obras de urbanización.

No referente ás actuacións de reurbanización das rúas estas incidirán na reordenación das seccións viarias e na renovación dos pavimentos de calzada e beirarrúas para normalizalos, óptase con carácter xeral pola implantación do pavimento de lousa e lastro de granito, englobada en actuacións sistemáticas de reurbanización, sen prexuízo de adoptar solucións singulares que son tratadas nos proxectos específicos de reurbanización.

A reordenación das seccións e renovación selectiva dos pavimentos nas rúas onde se implanten actuacións de peonalización ou restrición do tráfico rodado, xeneralizando a utilización da lousa de granito, manterá o actual acabado alí onde unha valoración material e histórica o faga recomendable.

Por outra banda, no conxunto do espazo público do ámbito do Plan Especial, delimitanse áreas de actuación nas que se pretende que o proxecto acade un certo grao de singularidade, capaz de garantir a unidade e coherencia da actuación, e servir como elemento impulsor da mellora da escena urbana e da recualificación do espazo público existente.

A continuación desenvólvense individualmente as actuacións singulares, establecendo a nivel de anteprojecto as propostas de intervención sobre cada un dos espazos:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Rúa Abeledos, da Praza de San Antón á rúa Padre José de Carabantes

Pártese da idea de transformar a sección da rúa nunha plataforma única, mantendo a circulación rodada pero ampliando o espazo dedicado ao peón. Ao longo da vía, con seccións de en torno aos 7m, as solainas das edificacións que se proxectan sobre as estreitas beirarrúas, dificultan o paso en diferentes puntos do treito, o que unido á presenza de aparcadoiros en liña, deixa ao peón sen opcións cómodas e seguras para a súa mobilidade.

O escaso da sección e a presenza de numerosas edificacións de interese conformando un conxunto de valor patrimonial xustifican a intervención no vial, recuperando un único nivel de acabado, mantendo o arborado existente e incorporando algúns elementos verdes nos encontros coas rúas Pascual Veiga e O Saviñao, ámbitos onde se xeran espazos peonís amplos, que permiten a ruptura da forte linealidade da propia rúa. Se prevé tamén a colocación da infraestrutura necesaria para o soterramento do cableado aéreo.

24 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.




La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		

Rueiros de Ramberde

A proposta ten por obxecto mellorar a calidade ambiental de dous pequenos espazos de orixe rural descolgados da rúa Santa Clara nos seus accesos ás Beiras do Cabe. Ambos son espazo de xeometría irregular e riqueza espacial, pero de reducidas dimensións, polo que deberán ser recalificados como ámbitos peonís, permitíndose unicamente a circulación rodada no eixo da rúa Santa Clara a baixas velocidade e nunha única dirección.

Procurarase o soterrado do tendido e implantarse unha nova pavimentación en acabados pétreos seguindo a liña proposta na meirande parte dos espazo do conxunto histórico xa intervídos (combinando o granito en lastros e lousas) e que substitúa ao formigón actual, incorporando ademais espazos verdes e mobiliario no ámbito norte, para implementar calidades de carácter estancial. Incorporaranse tamén novos puntos de luz.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Rúa Santa Clara

Proponse a prolongación da pavimentación do tramo da rúa entre Antonio Méndez Casal e o primeiro enlace ao paseo fluvial, mantendo o carácter de plataforma única pero garantindo unha preponderancia de mobilidade peonil fronte ao tráfico rodado. Colocarase tamén a infraestrutura necesaria para o soterramento do cableado aéreo.

Esta intervención, que debe incluír tamén unha mellora nos pavimentos de acceso á pasarela que salva o río Cabe, coserá as intervencións descritas para o Rueiro de Ramberde e o Acceso ás Beiras do Cabe dende Antonio Méndez Casal.

Rúa Armando Cotarelo

Proponse a substitución da pavimentación actual, dando continuidade aos materiais pétreos dominantes nas rúas da contorna, implantando lastro e lousas de granito, retirando as prazas de aparcamento e creando un pequeno espazo estancial, prevendo ademais o soterramento do cableado

O obxectivo é conseguir unha mellora ambiental para permitir a inclusión deste espazo nas dinámicas de actividade próximas, aos pés dun conxunto de edificios de interese, como os que abren a el.

Abelardo Baamante

O plan incorpora a renovación da rúa Abelardo Baamante, tamén coñecida como a Calexa, tanto pola súa importancia como conector entre a zona alta e a ponte, como por ser o descenso natural do Camiño de Santiago de Inverno na variante que penetra na parte alta da cidade.

Prevese a colocación de lastro de granito en substitución do actual pavimento de formigón, dando continuidade aos espazos de prioridade peonil cos que entronca. Intervirase tamén na iluminación e procurárase o soterrado dos cables que atravesan por completo a vía.

Óptase polo lastro en lugar da lousa debido á pendente da rúa, pronunciada en especial no seu treito próximo a Santo Domingo, evitando o efecto esvarante que pode presentar o enlousado coa presenza de auga, especialmente no inverno.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44




Rúa Doutor Casares e Praza Doutor Goyanes

No treito que discorre entre a Ponte Vella e o encontro entre a rúa Doutor Casares e Zapardiel, propónse unha intervención que favoreza a seguridade e a mobilidade peonil.

A rúa Doutor Casares reconfigura a súa sección, pasando a plataforma única, eliminando as estreitas beirarrúas actuais dende a Praza Doutor Goyanes ata a intersección co Paseo do Malecón á altura do Fogar de San José.

A partir dese punto retómase a plataforma segregada cunha reordenación das prazas de aparcamento a fin de garantir un bo enlace peonil cara o Parque do Zapardiel e a rúa do mesmo nome (lugar que acollerá novas prazas de aparcamento tras a actuación de reurbanización)

A actuación manterá a iluminación e os acabados actuais, procurando a máxima reutilización dos materiais existentes xa na rúa, todos eles de boa calidade.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Praza de España

A proposta prevé a recuperación do arborado na parte baixa da praza, a carón da rúa do Comercio. Historicamente esta praza-mercado foi un ámbito definido por unha retícula de árbores que, ademais de servir como ordenadores da actividade de venda, servían tamén para o confort do usuario.

Nas distintas épocas, a configuración do arboredo foi mudando, pero foi unha constante ata a última reforma, na que perdeu o protagonismo, quedando reducida a unha liña na fronte cara a rúa do Comercio con árbores de pouco porte e que non conseguen aportar ao espazo as calidades das que gozaba anteriormente.

Deséñase unha retícula de 3x3, con distancias entre si que van dende os 6,5 aos 7,5 metros, a fin de salvaguardar os usos, e facilitar accesibilidade á praza para servizos e emerxencia.



FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Rúa do Burato

A intervención propón a consolidación da rúa do Burato, que percorre a traza da muralla na súa cara sur. Urbanizada no treito que vai dende a Porta de Zapaterías ata a traveseira que descende de Falagueira, transfórmase nun camiño que debido á vexetación e á auga queda inutilizado en moitas ocasións.

Deséñase unha extensión da pavimentación ao resto do camiño ata a Porta Nova, empregando canto rodado, igual que na Falagueira, consolidando os límites da vía e instalando os servizos necesarios, en especial a iluminación precisa para garantir a súa utilización peonil.

Esta intervención inclúe tamén o treito final da rúa da Cerca, en idénticas condicións, e que resolve o acceso á zona alta dente Os Chaos. É precisamente dende este entronque ata chegar á Porta Nova, o treito en peores condicións pola presenza de lenzos e cubos da Muralla e de grandes tramos de muro de certa antigüidade e un deficiente estado de conservación, sendo necesarios traballos de limpeza e consolidacións destas estruturas para garantir a seguridade.

Rúa das Flores

Nunha das rúas con máis residentes da parte alta, propónse unha mellora das calidades actuais, estendendo os acabados pétreos do resto da parte monumental, preparando o soterrado de cableado e mellorando a iluminación en todo o seu trazado.

Rúa Lagares, da rúa Roberto Baamonde á rúa Real

A rúa Lagares, como un dos camiños históricos de comunicación da cidade, conforma xunto con Doutor Teijeiro e Comercio un anel que bordea polo Sur o promontorio de San Vicente. Para darlle continuidade e incluíla de pleno no conxunto histórico, propónse a súa reurbanización cos acabados tipo dominantes, lastro e lousa de granito, mantendo a plataforma única existente e preparando a infraestrutura para o soterramento do cableado.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Rúa Lagares, da rúa Real á rúa Calvo Sotelo

A intervención propón a reurbanización da rúa Lagares no tramo entre a rúa Real e a Calvo Sotelo, incorporándoa no posible á rede de espazos de prioridade peonil, mais permitindo o tráfico rodado e o aparcamento.

Prestarase especial atención ao cruce entre a rúa Real, Florida e a propia Lagares, onde se manterá a plataforma segregada, pero se buscará unha ampliación das beirarrúas, hoxe descontinuas e moi estreitas.

Utilizaranse os acabados tipo de lastro e lousa de granito, servindo o primeiro tamén para identificar os espazos de estacionamento e carga e descarga, e preparando a infraestrutura para o soterramento do cableado.

Rúa Real - San Vicente

Proponse intervir en todo o tramo da rúa incluída no ámbito de intervención do presente documento, diferenciando dous ámbitos, un primeiro entre os números 14 e 36 e o segundo dende o 38 ata o Campo da Virxe.

No primeiro tramo a proposta prevé unha ampliación da beirarrúa sur, hoxe en día moi estreita, mantendo a plataforma segregada de dobre dirección e colocando estacionamento ao lado norte unicamente. Como nos casos anteriores, os materiais empregados serán o lastro e a lousa de granito, incorporando a infraestrutura necesaria para o soterramento do cableado aéreo.

No segundo tramo, dende o entronque co camiño que leva ao muíño do Zapardiel, a rúa estréitase fortemente, polo que se optará por manter a actual plataforma única, incorporándolle os acabados tipo e preparando tamén a infraestrutura para o cableado. Colocándose no tramo entre os entronques co Porta Nova e Doutor Casares os bolardos que garantan a seguridade circulatoria do peón.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



Rúa Cardeal Rodrigo de Castro entre a Av.de Galicia e o Campo da Compañía

Debido a súa condición de enlace entre o Campo da Compañía e os espazos peonís do tramo norte a da mesma, este tramo soporta un tráfico peonil de grande intensidade en convivencia cun importante fluxo rodado de dobre dirección, moi condicionado pola parada de taxis que corta o eixe da avenida.

Partindo da recuperación da circulación na Av.de Galicia, óptase neste tramo de Cardeal, pola ampliación das beirarrúas, en especial no lateral Oeste por enlazar directamente co Parque do Conde, o aparcadoiro en superficie e a propia explanada da Compañía. O tráfico propónse dunha soa dirección e se prevé a relocalización da parada de taxis na marxe leste da rúa, mantendo íntegro o espazo reservado para este servizo.

O pavimento será de lousas e lastros de granito na calzada, e unicamente lousa de granito nas beirarrúas, recuperando no posible os materiais actuais das mesmas. Colocarase vainas para o soterramento do cableado á vista existente.

Rúa Acea Nova

No tramo da rúa Acea Nova incluído no ámbito do plan especial, propónse a substitución do pavimento existente por lastros de granito en toda a súa sección, mellorando a iluminación e preparando a infraestrutura para o soterramento do cableado, eliminando así postes e farois que estreitan máis a escasa sección da vía.

Campo da Compañía, entre a alameda e o murallón

No tramo que dende o a rúa Carude, percorre o murallón da Compañía cara o centro da praza, propónse a supresión do tráfico e as prazas de aparcamento. Para isto substituirase o pavimento actual para a colocación de lousas de granito, en consonancia coa explanada principal.

Eliminaranse tamén postes e farois, renovando a iluminación e preparando o soterramento do cableado que a día de hoxe chega mesmo a pendurarse da fachada do monumento barroco.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Rúa Río Cabe e Costa da Pena

O conxunto que definen a rúa Río Cabe e a Costa da Pena configuran a unión entre e zona alta do monte de San Vicente o Paseo Fluvial, é por isto que se propón unha actuación de conxunto para mellorar e fomentar esa comunicación.

Determinábase a colocación de lousa de granito, como material tipo, na Costa da Pena, que pasará a ser de uso exclusivo para residentes, manténdose a materialidade mesmo no cruce coa rúa Doutor Casares (de plataforma única e dunha soa dirección, tal como se apunta no RE-6) a fin de deixar mostra da intersección.

Na rúa Río Cabe, debido á necesidade de manter o acceso rodado ao IES Daviña Rey, o espazo reservado para o tráfico rodado resolverase en lastro de granito, mentres o resto de espazo terá a lousa como acabado, reservando pequenos espazos para zonas verdes.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020


Hora: 07:44



Rúa do Conde

Na rúa do Conde, que mantén un conxunto edificado de grande interese patrimonial no treito incluído no ámbito do plan, propónse a substitución da pavimentación actual polos acabados tipo de lastro e lousa de granito, característicos do conxunto do conxunto histórico, mantendo a plataforma única pero buscando unha redución da velocidade circulatoria coas bandas de lastro (recomendándose a extensión da intervención a todo o trazado da rúa).

Na Praza do Piñeiro, a intervención diríxese á transformación da mesma en plataforma única, sen afectar á urbanización xa feita e xerando un bado de paso peonil para enlazar o ámbito coa zona alta a través da rúa Roberto Baamonde cara a Corna e moi especialmente, cara a beirarrúa norte de Roberto Baamonde que enlaza con anel peonil de Doutor Teijeiro-Comercio e a rúa Lagares (contemplada nos RE-10 e RE-11).



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



34 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.3. O REEQUIPAMENTO DO CONXUNTO HISTÓRICO. O SISTEMA DE EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES

En ausencia dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, a cobertura da demanda dotacional e de espazos libres no Conxunto Histórico estará ás determinacións das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e á necesidade de satisfacer dous aspectos; por unha banda aquel tendente a reforzar o carácter representativo e de centralidade do ámbito, non só no ámbito municipal senón comarcal; e por outra satisfacer a demanda local dunha estrutura social que se pretende diversa e rexuvenecida.

Neste senso, e con carácter xeral o Plan Especial consolida o actual sistema dotacional, tanto o de carácter público como institucional ou privado, e incorpora aquelas reservas de espazos libres e zonas verdes establecidas no planeamento municipal basicamente como espazo de amortecemento do contorno da muralla.

Na Memoria de Información Urbanística tense feito unha diagnose da situación actual das dotacións, partindo da base de que, polo papel que xoga a Cidade como cabeza comarcal da Terra de Lemos e a súa condición de nodo para o Equilibrio Territorial, conforme as Directrices de Ordenación do Territorio, o nivel dotacional non só é elevado senón que ten por veces un carácter supramunicipal, e unha boa parte das dotacións sitúanse ao interior do conxunto histórico.

5.3.1. Sistema de equipamentos

O ámbito do Plan Especial, como espazo de centralidade da cidade de Monforte de Lemos, dispón dun alto número de equipamentos, moi superior en relación á súa superficie se o comparamos co resto da cidade, e cunha tendencia a acumular gran parte das institucións representativas. A superficie total de solo dotacional público ou institucional é de 96.177 m², o que representa o 14% do ámbito do Plan Especial descontada a superficie correspondente á lámina de auga do río Cabe. O Plan Especial, conforme ás determinacións das Normas Subsidiarias Municipais, propón que 13.748 m² desta superficie dotacional pase a formar parte do sistema de zonas verdes.

Dende o punto de vista dos déficits tan só se detectan no uso dotacional deportivo, onde a única instalación específica é a que representan as instalacións situadas no Campo da Compañía.

As características do contorno e as condicións topográficas dunha parte importante do ámbito, que imposibilitan a implantación dunhas instalacións dunha determinada dimensión e características, fai que este déficit teña que paliarse en ámbitos exteriores, sen que isto supoña a renuncia a implantar pequenas instalacións asociadas aos parques urbanos. Así a



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



reutilización dalgunhas explanadas do Parque dos Condes, que teñen a cualificación de dotacionais no vixente planeamento municipal, ou a implantación de algunhas novas instalacións no Parque do río Zapardiel, sempre tendo en conta a potencialidade arqueolóxica do ámbito, e todo isto sobre a base da tolerancia de uso establecida na normativa urbanística do presente Plan Especial.

CADRO Nº 5.1. ESPAZOS DOTACIONAIS DE EQUIPAMENTOS EXISTENTES E PROPOSTOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL.

USO/CÓDIGO PE	NOME	SUPERFICIE m ²			TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTO	TOTAL	
DOCENTE					
DOC-01	IES Francisco Daviña Rey	4.649	895	5.544	PÚBLICA
DOC-02	CPR Fundación Torre de Lemos	1.384		1.384	PÚBLICA
SANITARIO					
S-01	Centro de Saúde Doutor López Suárez	1.807		1.807	PÚBLICA
ADMINISTRATIVO					
ADM-01	Casa do Concello	2.205		2.205	PÚBLICA
ADM-02	Cárcere Vella	288		288	PÚBLICA
ADM-03	Casiñas da Compañía	435		435	PÚBLICA
ASISTENCIAL					
AS-01	Residencia de Maiores de Monforte	667	876 (1)	1.543	PÚBLICA
AS-02	Oficina de Benestar Social	182		182	PÚBLICA
AS-04	Residencia Fogar San José	10.815		10.815	INSTITUCIONAL
RELIXIOSOS					
R-01	Igrexa de San Vicente do Pino	1.188		1.188	INSTITUCIONAL
R-02	Igrexa de Santo Domingo da Régoa	492		492	INSTITUCIONAL
MULTIUSOS					
M-01	Centro do Viño	738		738	PÚBLICA
M-02	Complexo da Compañía	27.840		27.840	INSTITUCIONAL
M-03	Convento de Santa Clara	20.411		20.411	INSTITUCIONAL
M-04	Centro Cívico	545		545	PÚBLICA
M-05	Mercado Municipal	1.189		1.189	PÚBLICA
SOCIOCULTURAL					
SC-01	Casa da Cultura	675		675	PÚBLICA
SC	Reserva uso sociocultural		201	201	PÚBLICA
OUTROS					
O-01	Parador de Monforte	5.405		5.405	PÚBLICA
O-02	Fortaleza-Torre da Homenaxe	1.680		1.680	PÚBLICA
TOTAL		82.595	1.972	84.567	

(1) Prevista nas Normas Subsidiarias de Planeamento.

Fte.: Elaboración Propia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Por outra banda a importancia que ten o equipamento docente nun proceso de revitalización do conxunto histórico leva a establecer a necesidade de ampliación das instalacións do IES Daviña Rey, que, se ben non pode ser utilizado como espazo para novas construcións por mor de estar dentro da zona de inundabilidade, si que pode acoller instalacións descubertas e ampliar a superficie dunha dotación fortemente densificada pola edificación. Esta ampliación proposta polo Plan Especial ten unha superficie de 895 m².

Tamén se recolle no Plan Especial a ampliación, xa prevista nas NSM e que o Plan Especial incorpora, da dotación asistencial con 876 m² en parcela contigua á Residencia de Maiores, e da oferta sociocultural coa proposta de incorporación de dúas parcelas de titularidade municipal de 201 m² de superficie na zona da Compañía.

Compre sinalar que a totalidade das dotacións de equipamentos de titularidade non pública, pertencen a distintas institucións relixiosas vinculadas á Igrexa Católica o que se significa coa referencia á titularidade institucional.

Por último indicar que a tolerancia de uso regulada na normativa urbanística permite a instalación de novas dotacións en contedores do casarío histórico que presenten condicións idóneas para acoller o uso, e respectando o nivel de catalogación que poidan ter, e todo isto de acordo coa vixente lexislación do Patrimonio Cultural de Galicia.

5.3.2. Sistema de zonas verdes e espazos libres

Conforme ao indicado na Memoria de Información Urbanística o conxunto do sistema de zonas verdes e espazos libres públicos existentes ten unha extensión superficial de 11,39 Ha, o que representa un 16,47% do total da superficie do ámbito, o 17,40% se non se ten en conta a lámina de auga do río Cabe, o que dá razón da súa importancia e presenza no Conxunto Histórico.

Máis aló da cuestión cuantitativa, indicar que ao interior do ámbito sitúanse os dous principais Parques Urbanos actualmente existentes, o Parque dos Condes, lindeiro coas ribeiras do río Cabe, e con vontade de expandirse polas súas marxes a través do proxecto de acondicionamento que está a executar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e o sistema Parque do Zapardiel-Parque dos Loureiros, que situados nas encostas do Monte San Vicente dotan de calidade ambiental á ladeira norte de este espazo.

As propostas que incorpora o Plan Especial son aquelas que debeñen das determinacións do vixente planeamento municipal, consistentes singularmente na conformación dun novo parque ao interior do recinto intramuros, incorporando os depósitos de auga e o sistema murario de valor ambiental, establecendo, tanto polo interior como polo exterior, unha zona



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



de amortecemento da traza da muralla, completada tamén coa ampliación do Parque Zapardiel que reforza ese colchón sobre a cara norte da muralla.

O novo parque, que presenta unhas singulares condicións de miradoiro panorámico sobre o conxunto do Val de Lemos, ten unha extensión superficial de 33.614 m², que sumadas ás ampliacións tamén previstas nas Normas Subsidiarias Municipais do Parque Zapardiel e do Parque dos Condes e aos complementos propostos polo Plan Especial, elevan a superficie total destinada ao sistema de espazos libres e zonas verdes públicas ata os 186.741 m², case que o 27% do ámbito.

Asociado ao sistema de espazos libres e zonas verdes se atopa a mellora e cualificación do espazo público peonil do Conxunto Histórico, cunha intervención sistemática e programada en 1,14 ha. que recupera como espazos libres públicos, algúns espazos emblemáticos actualmente destinados a aparcamento como o adro de Santo Domingo, ou pequenos espazos degradados no contorno da Porta Nova ou do Convento de Santa Clara.

CADRO Nº 5.2. ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS.

CÓDIGO	NOME	SUPERFICIE m ²			
		EXISTENTE	PROPOSTO		TOTAL
			NSM	PEPCHA	
ZV-01	Parque dos Condes	12.640	15.380		28.020
ZV-02	Parque dos Loureiros	5.292	0		5.292
ZV-03	Parque Fluvial	26.767	0	6.554	33.321
ZV-04	Parque Zapardiel	29.440	15.446	1.554	46.440
ZV-05	Parque da Muralla	0	31.534	2.080	33.614
ZONAS VERDES PÚBLICAS		74.139	62.360	10.188	146.687
ZL-02	Campo de San Antón	1.313	0		1.313
ZL-04	Porta da Zapatería	455	0		455
ZL-07	Praza da Compañía	24.851	0		24.851
ZL-12	Praza de San Vicente	2.035	0		2.035
ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS		28.654	0		28.654
TOTAL ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS		102.793	72.548		175.341
ZL-01	Adro Santo Domingo	749	0		749
ZL-03	Campo da Virxe	237	0		237
ZL-05	Porta Nova	677	0	59	736
ZL-06	Praza da Alcazaba	232	0		232
ZL-08	Praza da Falagueira	127	0		127
ZL-09	Praza da fonte Fontecha	230	0		230
ZL-10	Praza de Carude	723	0		723
ZL-11	Praza de España	1.252	0		1.252
ZL-13	Praza do Piñeiro	697	0		697
ZL-14	Praza Doutor Goyanes	1.064	0		1.064
ZL-15	Rúa Antonio Méndez Casal (Santa Clara)	1.864	0	198	2.062
ZL-16	Rúa Cardenal (Treito Central)	1.812	0		1.812
ZL-17	Rueiro da Pena	691	0		691
ZL-18	Rueiros de Ramberde 1	597	0		597
ZL-19	Rueiros de Ramberde 2	191	0		191
ESPAZOS PÚBLICOS ASOCIADOS		11.143	0	257	11.400
TOTAL ZONAS VERDES, ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS E ESPAZOS PÚBLICOS ASOCIADOS		113.936	62.360	10.445	186.741
ESPAZOS PÚBLICOS ASOCIADOS		113.936	72.805		186.741

Fte.: Elaboración Propia.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



5.4. PROTECCIÓN E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, HISTÓRICO-ARTÍSTICO, ARQUITECTÓNICO E AMBIENTAL

A preservación do patrimonio cultural do conxunto histórico de Monforte de Lemos parte necesariamente da pormenorizada catalogación do patrimonio edificado, dos espazos libres, dos elementos urbanos e naturais a protexer, mediante a identificación de aqueles elementos e caracteres significativos que constitúen a estrutura máis profunda da morfoloxía urbana dun ámbito caracterizado pola súa heteroxeneidade.

Aos elementos singulares dispensaráselles unha protección integral. Para o resto dos elementos fixarase, en cada caso, un nivel adecuado de protección estrutural ou ambiental, segundo esixe a lexislación do patrimonio.

A tarefa de catalogación e valoración arquitectónica dos elementos e caracteres que compón o conxunto, permite a formulación coherente e harmónica das propostas para as intervencións nos diferentes edificios.

Hai que establecer que a conservación do conxunto do patrimonio edificado obedece a criterios de maior intervención e deberá de instrumentarse con medidas e técnicas diferentes ás que son propias das arquitecturas monumentais, concentrando os esforzos no atento seguimento científico da riqueza arquitectónica, artística e historiográfica que esconden os edificios.

A proposta de protección do ámbito, como obxecto fundamental do Plan Especial, en ausencia de Plan Xeral, devén da consideración agregada das súas distintas determinacións no seu conxunto; pero ten, á súa vez, expresión diferenciada e detallada nos documentos temáticos que, especificamente, ordenan e regulan primordialmente estes aspectos.

Metodolóxica e tecnicamente o Plan concreta estas determinacións no Catálogo de Protección que constitúe un Documento Anexo do Plan coa súa propia lóxica e sistemática interna, e a el nos remitimos para as consideracións técnicas do detalle acadado.

Á súa vez o Catálogo ilustra parcialmente aspectos reguladores, onde a sistemática determinativa desenvólvese na Normativa de Ordenación, de forma que entre Catálogo e Normativa se establece unha conexión de remisións mutuas.

O Catálogo de Protección desenvolve as determinacións establecidas na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, así como na Lei do Solo de Galicia, e pola súa complexidade e detalle constitúe unha peza conclusiva da documentación do Plan e cumpre unha función esencial



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



no tratamento pormenorizado da protección e na remisión entre a identificación de elementos protexidos e a súa regulación normativa.

O Catálogo relaciona de forma sistemática e ordinal os elementos protexidos agrupados en tres grandes ordes: a edificación (que inclúe os ámbitos e elementos BIC), o espazo público (cruceiros, fontes e amoblamento urbano), os elementos naturais e ambientais, e a arqueoloxía.

Para a edificación o Catálogo:

- a. Relaciona os ámbitos e elementos declarados Bens de Interese Cultural.
- b. Establece os tres niveis de protección tipificados para o patrimonio arquitectónico protexido (integral, estrutural e ambiental).
- c. Documenta as compoñentes informativas fundamentais dos edificios singulares e establece as súas determinacións de uso e cualificación, instrumentos e modalidades de intervención, mediante un ficheiro diferenciado e individualizado.
- d. Integra as compoñentes de identificación e análise gráfica do Ficheiro Informativo de Unidades Edificatorias e establece un Ficheiro Catálogo de Unidades Edificatorias individualizado, contendo nel a catalogación unitaria, os elementos a conservar, así como as actuacións particulares autorizadas.

Para o espazo público, o Catálogo relaciona os elementos protexidos e os agrupa en cruceiros, fontes, amoblamento urbano, muros e outros elementos singulares.

Para os elementos naturais e ambientais, identifica conxuntos ambientais e arboredo singular.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)	

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



5.4.1. A Catalogación das Unidades Edificatorias

A. A Catalogación Unitaria. Os caracteres determinantes dos edificios.

O concepto de catalogación unitaria implica a adscrición de edificios a un dos tres niveis ou rangos de protección, valoración e clasificación do patrimonio arquitectónico protexido establecidos na lexislación de Patrimonio.

A adscrición realízase unitariamente, é dicir, por unidades edificatorias completas, en función da categoría e da calidade patrimonial e do estado do edificio. Soamente en ámbitos unitarios de interese monumental pódese producir unha diferente categorización dentro dun mesmo edificio, atendendo á importancia que cada parte ten na conformación unitaria (por exemplo: Convento de Santa Clara).

Para ordenar un conxunto tan amplo e valioso foi preciso documentar e analizar un amplo abano de datos e puntos de vista e identificar as invariantes espaciais que permiten a súa tipificación. Esta convértese nunha cuestión básica de método dos Plans Especiais de Ordenación de Conxuntos Históricos. Tipificar, en definitiva, é captar e facer expresas as variantes espaciais que caracterizan unha arquitectura maioritariamente menor, que cobra o seu valor en función da súa regularidade en relación ás partes e ao conxunto da cidade, que poden ser diferenciadas por constituír ambientes arquitectónicos unitarios. Tipificar un conxunto protexido implica tamén decidir qué invariantes arquitectónicas convén preservar no proceso -dinámico pero taxado- da vida dos edificios históricos. Qué invariantes cómpre preservar para garantir a súa salvagarda como parte do legado cultural a transmitir ás próximas xeracións.

No método de tipificación e adscrición dos edificios a unha das categorías da catalogación devén central o concepto operativo dos caracteres determinantes do edificio, así como tamén a identificación de cáles son os trazos invariantes a protexer en relación ás actuacións xerais autorizadas no patrimonio arquitectónico.

Os caracteres determinantes do edificio fan referencia a tres aspectos complementarios e concorrentes na súa unidade espacial:

- a. o sistema estrutural.
- b. a súa organización interna.
- c. a súa fachada, cerramento ou envolvente exterior.

O sistema estrutural refire á maneira característica de organización espacial das estruturas portantes verticais e horizontais; a organización interna refírese aos elementos de acceso e



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



á posición e desenvolvemento do sistema de comunicacións verticais; e a fachada ou envolvente identifica a composición integral e a fenestración.

O Plan pretende, en función do rango do edificio, a permanencia dos caracteres determinantes en tanto orixinais, en canto expresión abstracta dos elementos materiais que concretan as súas tipoloxías arquitectónicas. A preservación material dos elementos construtivos ou decorativos dependerá, en cada caso, da explícita catalogación de ditos elementos e do nivel de catalogación unitaria do edificio.

B. A Catalogación dos elementos materiais.

A Ficha de Catálogo contén un conxunto de 56 casillas, correspondentes a outros tantos elementos arquitectónicos ou decorativos identificados como regularidades presentes na arquitectura do ámbito.

A súa identificación e catalogación prodúcese, ben como elementos materiais en tanto que expresión de características tipolóxicas, coa denominación **C**, ou como elementos de singular valor, coa denominación **E**.

Á súa vez, as 56 casillas agrúpanse en 5 grandes apartados que se correspondente con:

1. Elementos de cuberta.
2. Elementos de fachada.
3. Elementos estruturais.
4. Elementos interiores.
5. Elementos de parcela.

A catalogación de elementos non debe entenderse como pechada en canto á necesaria correlación entre a súa identificación e a preservación taxativa, nin en canto á adscripción de novos elementos que debeñan dun recoñecemento máis detallado. Trátase, ante todo, dun intento de dar conta, coa máxima definición posible, da riqueza e diversidade material da arquitectura histórica do ámbito do Plan Especial, que debe ser conservada.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



5.4.2. Catálogo básico

Enunciados os obxectivos da protección arquitectónica, o Plan desenvolve unha proposta centrada na catalogación daqueles edificios que, con independencia do seu actual estado de conservación e do grao de alteración con respecto ás súas características orixinarias, presentan valores arquitectónicos, tipolóxicos, construtivos ou ambientais que xustifican a súa conservación e adecuación, desde uns criterios de salvagarda e recuperación do patrimonio arquitectónico e histórico do ámbito.

Con estas premisas establécense as medidas necesarias de conservación e condicións de actuación particularizadas, segundo os valores específicos de cada edificio, en coherencia coa evolución das características tipolóxicas e das calidades arquitectónicas da edificación comprendida no ámbito do Plan Especial.

A mesma evolución do tipo edificatorio determina que nalgúns casos a catalogación non teña un carácter totalizador do edificio senón que, cunha técnica case que arqueolóxica, deban introducirse catalogacións parciais que rescaten reixerías, balcóns, canzorros, linteis e outros elementos que mostran o substrato do Conxunto incluso aí onde as accións de renovación da arquitectura histórica, se presentan coma irreversibles, e en función da potencia destes rastros propóñense actuacións de recuperación filolóxica. Igualmente o catálogo amplíase a aqueles ámbitos do espazo público da Cidade ou elementos deles, que constitúen fitos individualizables na trama urbana.

O Plan Especial propón un catálogo básico de edificacións e elementos suxeitos á normativa de protección, cos efectos previstos na lexislación urbanística, en relación co establecido polo art. 56 da Lei 5/2016 de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, e que se relaciona pormenorizadamente no Anexo que acompaña á presente Memoria, a través da súa referencia ao cuarteirón e á parcela onde se sitúan.

Dende o punto de vista arquitectónico este catálogo básico abrangue aproximadamente ao 45% do conxunto do casarío, diferenciándose os seguintes niveis de protección:

A. Edificios monumentais.

O Plan Especial identifica, de entre os edificios de maior valor arquitectónico, histórico-artístico ou cultural 8 pezas ou conxuntos nos que concorren as circunstancias adicionais necesarias para a súa cualificación como monumentos, teñan ou non administrativamente a consideración de bens de interese cultural. Estas circunstancias fan referencia non só aos valores intrínsecos do edificio ou conxunto, senón tamén ao valor das pezas na escena urbana, ao seu carácter de fito e referencia; circunstancia que ten unha directa relación coa



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



vontade de estilo con que a peza foi concibida, en coherencia coa singularidade do seu programa e a súa titularidade.

A condición monumental se contrapón con rotundidade á condición civil e fragmentada do casarío, inserto na parcelación urbanisticamente, o monumento diferencia a súa parcela e a súa implantación, sempre rotunda e unitaria.

O Plan Especial establece para a protección dos monumentos unha liña de tratamento singularizado que, a diferenza do conxunto do casarío, non esgota a determinación das modalidades de intervención no marco dunha valoración detallada e dun catálogo pormenorizado.

A problemática dos monumentos aboca á restauración dos mesmos.

B. Edificios de excepcional significación arquitectónica, histórica e cultural.

Alcanza a un total de 23 edificios.

Este grao de protección aplícase á edificación que presenta unha excepcional calidade arquitectónica e valor histórico e artístico, e representan fitos na escena urbana, cunha presenza na planta da cidade claramente identificable nalgúns casos. A súa implantación responde a dous modelos, por unha parte construcións de planta neta e exenta que constitúen en si mesma pezas da estrutura urbana, por outra parte construcións inseridas no casarío tradicional pero que, polo seu porte e calidade arquitectónica representan fitos urbanos, os elementos máis singulares e valiosos da arquitectura do conxunto.

Son edificios de estilo, onde o xesto artístico acadas as maiores cotas, sen que presenten unha uniformidade dada a diferente xénese, abrangendo a totalidade do proceso de construción do Conxunto, dende os propiamente fundacionais ata os eclécticos, modernistas e monumentalistas, entre outros.

Desde o punto de vista da xénese, a súa implantación responde basicamente ao ámbito civil, aínda que aparezan arquitecturas institucionais, públicas ou relixiosas.

Desde o punto de vista da súa regulación normativa estes edificios son obxecto, en principio, de protección integral, co alcance establecido na lexislación de patrimonio, se ben naqueles que teñen sufrido transformacións incongruentes coa súa conformación e calidade arquitectónica, o nivel de protección ten que posibilitar -no marco dun programa de usos específico- obras de reconstrución que faciliten a súa nova posta en valor, tanto na actuación interior como na demolición de adoses ou novas construcións



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



descontextualizadas, con especial respecto das súas características singulares e dos elementos ou partes que o compoñen.

C. Edificios de características singulares e elevado valor arquitectónico.

Alcanza a un total de 98 edificios.

Aplicase este grao de protección aos edificios que posúen unha elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, tanto exterior como interior que determina a súa valoración singularizable.

Igual que no nivel anterior inclúense nesta clasificación os elementos significativos de cada unha das etapas de formación do ámbito que representan cotas elevadas de elaboración estilística, que os leva a constituírse en elementos de referencia na escena urbana.

Desde o punto de vista da súa regulación normativa tenderase ao establecemento dunha protección estrutural, co alcance establecido na lexislación do patrimonio, matizada coa importancia, estado e presenza de cada un dos elementos que compoñen este nivel.

D. Edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica.

Alcanza a un total de 380 edificios.

Aplicase este grao de protección a aqueles edificios que, sen presentar unhas características singulares por si mesmos, responden á coherencia arquitectónica e urbana do ámbito protexido e o dotan de unidade urbana e arquitectónica, mediante sucesivas depuracións do tipo.

Desde o punto de vista arquitectónico a edificación que se incorpora a este nivel está caracterizada por patróns de composición recorrentes, diferenciais segundo sexa a fase evolutiva do tipo de que se trate, englobando tanto estruturas fundacionais, sucesivamente reelaboradas durante o século XIX coa aparición da galería e dos miradoiros, como as eclécticas e decó-racionalistas, e as de substrato rural coa incorporación de solaina como elemento característico.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Dende o punto de vista da súa regulación normativa non se trata tanto da súa protección integral coma da súa protección ambiental, co alcance establecido na lexislación de patrimonio e rehabilitación con respecto ás súas características arquitectónicas, por canto constitúen a substancia edificada do conxunto declarado e as zonas de contorno de protección, debendo conservarse en calquera caso os seus elementos e características fundamentais.

46 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación. Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.4.3. Alcance normativo dos distintos niveis de protección

O alcance normativo dos distintos niveis de protección fai mención ao repertorio de intervencións que poden incidir sobre un edificio e está perfectamente taxado na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. O Plan Especial establece as seguintes categorías de intervencións na edificación:

a) Intervencións de mantemento e conservación.

Son aquelas actuacións dirixidas ao mantemento das condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade da edificación, que non supoñan a alteración da súa estrutura, distribución ou características formais.

b) Intervencións de restauración.

Son aquelas actuacións que teñen por finalidade xeral restituír as características arquitectónicas e tipolóxicas orixinarias da edificación.

As actuacións de restauración comportan a necesidade do mantemento maioritario do edificio na súa conformación orixinaria, se ben cando partes desta teñan desaparecido ou sexa precisa unha adecuación ao programa de usos definidos polo Plan Especial, admitiranse, no marco dun plan ou proxecto de conservación, as seguintes obras:

- Obras de restitución ou volta ás condicións orixinarias de elementos arquitectónicos alterados, sempre que se conte con suficiente información sobre as mesmas e se executen de conformidade cos seus materiais e acabados.
- Obras de reconstrución que poidan propoñer a recuperación filolóxica das invariantes arquitectónicas do edificio con criterios de integración e coherencia formal pero con deseño diferenciado.
- Obras de actualización e adecuación das condicións de habitabilidade e uso que poden incluír actuacións de consolidación con criterios de integración e coherencia formal, recomendándose evitar actuacións de carácter analóxico.

Este conxunto de actuacións haberá de complementarse coas obras de eliminación de elementos que carezan de interese para a historia do edificio e se amosen incoherentes coas características tipolóxicas e arquitectónicas orixinarias da edificación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



c) Intervencións de rehabilitación.

Son aquelas actuacións encamiñadas a mellorar as condicións funcionais e de habitabilidade dun edificio, adecuándoo ao uso específico asignado polo Plan Especial, mediante a conservación maioritaria ou integral da disposición estrutural orixinaria.

As obras de rehabilitación, incidentes nos espazos interiores do edificio, poderán supoñer unha redistribución espacial sempre que se conserven os elementos determinantes da súa configuración tipolóxica en canto orixinarios, como núcleos de escaleira, muros de carga, patios e división en plantas, e as accións destinadas á adaptación dos accesos por razóns de accesibilidade.

d) Intervencións de reestruturación.

Son aquelas actuacións encamiñadas á renovación dun edificio, incluso dos elementos estruturais, que impliquen variacións do tipo de estrutura, podendo incluír a demolición dos elementos estruturais ou en grao máximo o baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior e o patio e a liña e o tipo de cuberta, e todo iso nas condicións establecidas no Plan Especial.

Segundo o alcance das modificacións resultantes das actuacións distínguense dous graos nas actuacións de reestruturación:

- Puntual cando supón o mantemento ou corrección de máis do 75% dos elementos estruturais verticais e horizontais, e non modifica o volume orixinal.
- Parcial cando os elementos estruturais verticais e horizontais transformados superen o 25% do total ou se transformen a volumetría pola modificación das liñas de edificación.
- Xeral cando as obras nos edificios exceden o anteriormente exposto, sendo así consideradas as de baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior, interior, e patios, os muros medianeiros e a liña e o tipo de cuberta.

f) Intervencións de ampliación.

Son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, ben por incremento do fondo edificable ou por aumentar o seu número de plantas, sen modificar as súas aliñacións exteriores e os seus planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural segundo o seu nivel de catalogación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



A adición de novas plantas efectuarase con criterio de integración compositiva e coherencia formal coa fachada ou fachadas existentes e, en calquera caso, segundo as directrices establecidas nas condicións xerais de estética e integración urbana da Normativa do Plan Especial.

Realizada esta clasificación de actuacións xerais autorizadas sobre os edificios, a súa aplicación nos distintos niveis de catalogación detallados anteriormente se producirá conforme á tipificación de niveis de protección establecida na L.P.C.G., sendo a seguinte:

A. Edificios Monumentais de protección integral.

- . Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Mantemento, conservación e restauración.
- . Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
No marco dun Plan Director ou Proxecto Integral de Conservación do edificio poderíanse autorizar actuacións de rehabilitación.

B. Edificios de excepcional significación arquitectónica, histórica e cultural de protección integral.

- . Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Mantemento, conservación e restauración.
- . Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Autorízanse actuacións de rehabilitación acompañadas das de valoración arquitectónica e de reestruturación parcial.

C. Edificios de características singulares e valor arquitectónico de protección estrutural.

- . Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Mantemento, conservación, restauración e rehabilitación.
- . Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Reestruturación puntual e reestruturación parcial ou xeral contemplada en ficha individualizada.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



D. Edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica e ambiental de protección ambiental.

- . Tipos de actuacións xerais autorizadas.
Mantemento, conservación, rehabilitación e reestruturación puntual.
- . Actuacións xerais autorizables en circunstancias particulares.
Reestruturación parcial ou xeral con mantemento do seu esquema tipolóxico estrutural, ampliación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



5.4.4. A protección arqueolóxica

A temática propia do patrimonio arqueolóxico demanda unha consideración diferenciada. Por outra banda trátase dun patrimonio oculto; por tanto, o grao de coñecemento científico e empírico sobre a súa potencialidade resulta aínda incompleto.

Así, o deseño da zonificación arqueolóxica contemplada no presente Plan Especial baséase tanto nos estudos históricos realizados sobre o desenvolvemento urbanístico que este espazo soportou ao longo do tempo como no estado dos coñecementos que hoxe temos sobre evidencias arqueolóxicas.

Deste xeito delimitábase unha primeira Zona A que abrangue a totalidade do Monte San Vicente, onde se teñen constatado novas evidencias arqueolóxicas e que inclúe o singular espazo cinguido pola muralla do Burgo Medieval, e unha segunda Zona B que abrangue o resto do ámbito do Plan Especial no plano baixo das ribeiras inundables do río Cabe.

As cautelas e procedementos establecidos na Normativa Urbanística do Plan Especial van parellos á intensidade e potencialidade estimada dos depósitos. Así, entre os tipos de actividades arqueolóxicas consideradas no repertorio da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia concréntanse as de carácter previo que caracteriza ás sondaxes arqueolóxicas (independentemente de que puideran ser complementadas con posterioridade mediante a escavación en área ou o control arqueolóxico, entre outros) como as vencelladas á denominada Zona A; mentres que a estratexia de supervisión (de carácter simultáneo, pois) daquelas remocións de terras derivadas das distintas actividades urbanísticas de adecuación e construción nos distintos espazos, asóciase á zona B, e concréntase na execución de controis arqueolóxicos.

Contéplase igualmente unha estratexia de documentación histórico-arqueolóxica, non establecida como intervención arqueolóxica en senso estrito na lexislación de patrimonio, cuxa tipificación coma análise estratigráfico de paramentos amosa unha protección multidisciplinar que contribuirá a conquistar os obxectivos pretendidos coa aplicación do Plan Especial, isto é, a detección, documentación, valoración, adscrición, protección, conservación e posta en valor de evidencias de interese cultural.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



52 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



5.4.5. Catalogación de elementos do espazo público.

Para o espazo público o Plan Especial establece un catálogo básico de elementos suxeitos a protección diferenciando aqueles que se refiren a elementos construídos ou de mobiliario de aqueles outros que se refiren a elementos de xardinería e arboredo, establecendo para os primeiros unha intervención xeral de restauración.

Dentro dos elementos construídos destaca pola súa importancia histórica e valor patrimonial a Ponte Vella, onde o Plan Especial ten coma obxectivo acadar a súa peonalización como nexo singular de diferentes partes do Conxunto Histórico. A parte de este elemento, diferéncianse subgrupos de cruceiros, fontes, elementos de urbanización e o singular sistema murario de determinados ámbitos do Conxunto Histórico.

Dende o punto de vista da xardinería e arboredo incorpora espazos dotados de singularidade ambiental, entre os que se atoparían as ribeiras do Cabe naqueles treitos onde se mantén a súa naturalidade.

O pormenor de esta catalogación desenvólvese no documento de Catálogo.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



54 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.5. CRITERIOS REGULADORES DE USOS E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN. A ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA

5.5.1. Esquema normativo do Plan Especial

O esquema normativo do documento formúlase sobre o dobre alcance do mesmo ao constituír á vez un Plan Especial de Protección e de Mellora do Medio Urbano.

O seu marco xurídico é o definido pola Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e as súas determinacións son as propias dos plans especiais a que se refire a Sección 3ª do Capítulo V, Título II da L.S.G.

Con estas premisas, establécese o seguinte esquema normativo do Plan Especial.

- Un **primeiro Título** referente a disposicións xerais que abranguen aspectos de delimitación, marco legal, vixencia e revisión e a súa relación coa Lexislación de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 5/2016, do 4 de maio).
- Un **segundo Título** centrado nos aspectos de desenvolvemento e execución do Plan Especial, regulando a tramitación, características e contidos dos Estudos de Detalle, dos proxectos de urbanización e de obras ordinarias de urbanización, así como dos proxectos de construción ou edificación, tanto para as obras maiores como para as menores.

Así mesmo instrumenta as técnicas de xestión complementarias para garantir o cumprimento das obrigas dos propietarios das edificacións, así como para proceder á efectiva execución das determinacións e propostas do Plan Especial (programación urbanística, actuacións de fomento, accións de apoio á rehabilitación, etc.).

- Un **terceiro Título** que abrangue os aspectos xerais referidos a condicións xerais de protección do patrimonio histórico e ambiental, deberes de conservación dos inmobles; patrimonio arqueolóxico ao abeiro do establecido no Capítulo IV, Título VII da Lei 5/2016, e conservación do medio ambiente urbano.
- Un **cuarto Título** referente a tipos de actuacións e condicións de execución que desenvolve as intervencións xerais nos edificios existentes, abrangendo o mantemento, conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación, adición, demolición e nova edificación, así como as actuacións parciais de adecuación e acondicionamento, e isto atendendo á cualificación tanto das edificacións coma dos



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



espazos non edificadas, en función dos distintos graos de protección e acomodación á ordenación proposta.

- Un **quinto Título** con referencia expresa á clasificación do patrimonio arquitectónico, diferenciando entre patrimonio catalogado, con definición dos caracteres determinantes a efectos de catalogación, e patrimonio non catálogo.

Estas normas desenvolven e especifican a normativa urbanística de protección. Para a definición deste sistema de protección considéranse fundamentalmente os seguintes aspectos de cada edificio:

- Valor arquitectónico-formal.
- Interese tipolóxico.
- Sistemas e materiais construtivos.
- Significado histórico.
- Incidencia no ambiente urbano.

Determinase a normativa global aplicable a cada edificio, e, de ser o caso, a normativa específica para elementos arquitectónicos ou decorativos especiais, en correlación coas normas e recomendacións de actuación.

- Un **sexto Título** que desenvolve as Normas Xerais da Edificación, con especial incidencia nos aspectos que ten que ver coas condicións de volume e mantemento do perfil característico do ámbito, coas condicións de estética e integración urbana, así como os que se refiren ás condicións hixiénico-sanitarias, de habitabilidade e accesibilidade.

Así mesmo desenvolve as Normas Técnicas de Edificación con referencia ás condicións técnicas esixibles ás obras e á edificación en orde á seguridade no seu máis amplo sentido, á salubridade e á hixiene, ás condicións técnicas para a utilización e compatibilización de materiais e solucións da rehabilitación.

Por último, regularanse os Usos e as súas condicións, especificando e detallando a Normativa establecida polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e a súa acomodación ao ámbito. Regula pormenorizadamente os usos da edificación autorizados, preferentes, compatibles, incompatibles e non autorizados, particularizándoos en cada planta da edificación, e indicando as intensidades de uso máximas permitidas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



- Un **Título sétimo**, das licenzas municipais, regulando os actos de edificación e de uso do solo, e a documentación necesaria para obras en edificios ou conxuntos declarados.
- Un **Título oitavo**, regulador das Normas Particulares de Zona na que se despeza o ámbito de planeamento, pormenorizando para cada unha delas as Normas Xerais de Edificación e as de Estética Urbana en función das características diferenciais.

Igualmente regula os sistemas de equipamento e espazos libres, así como o sistema viario e o aparcamento.

- Un **Título noveno**, regulador das condicións de urbanización, adecuándoas ás especiais e diferentes condicións do ámbito, en canto utilización de materiais, modos de construír e integración das infraestruturas en atención ao medio ambiente urbano.
- Por último unha **Disposición Final** que establece a coordinación das determinacións do Plan Especial con aquelas de carácter sectorial, singularmente referidas á Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e ás disposicións do Plan Hidrolóxico da Conca Miño-Sil.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



5.5.2. As normas xerais da edificación

As normas xerais da edificación, céntranse en tres aspectos:

A.-Integración tipolóxica e compositiva.

B.-Condições de habitabilidade.

C.- Regulación de usos.

A. Enténdese por tipoloxía edificatoria a estrutura inherente á edificación actual obxecto dalgún tipo de protección polo presente Plan Especial, incluídos os seus elementos arquitectónico-constructivos esenciais: muros de carga, elementos estruturais horizontais, núcleo de escaleiras e de comunicación vertical, fachada, organización distributiva interior, envolvente exterior, ritmo, composición e relación co espazo público. Xunto a isto, e como soporte do tipo, inclúese a configuración da división parcelaria característica.

Pois ben, con estas premisas, o Plan Especial determina a necesidade de conservar, restituír ou interpretar as invariantes tipolóxicas, en todos e cada un dos aspectos anteriormente citados, para o conxunto do ámbito e nos graos establecidos nos de cualificación das edificacións producidas; mantendo polo tanto, con carácter xeral, o despece parcelario, as aliñacións existentes e a acomodación á actual rasante.

B. O cumprimento das condicións de habitabilidade no referente a programa mínimo, iluminación e ventilación ten especial incidencia nos ámbitos de protección establecidos polo Plan Especial. Neste sentido, sobre a base do establecido no Capítulo IV do Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, establécese a excepción do cumprimento da súa normativa de habitabilidade cando o impida a configuración física da parcela ou da edificación que teña que ser conservada en virtude dos condicionantes establecidos polo Plan Especial, ou que da súa aplicación se derive unha alteración das condicións arquitectónicas e estruturais que se pretenden protexer.

O Plan Especial elabora un Anexo de Habitabilidade para os efectos de determinar o limiar mínimo de habitabilidade (L.M.H.), para que, en calquera actuación sobre a edificación se procure a mellora das condicións de habitabilidade, aproximándose no posible aos estándares normativos, sen poñer en perigo o cumprimento da integración tipolóxica enunciada con anterioridade.

C. O Plan Especial establece como prioritario no seu ámbito o uso residencial, autorizándoo con carácter xeral en plantas altas de edificación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



A introdución doutros usos vén dada ben pola complementariedade co uso residencial ou ben pola tolerancia taxada, que en calquera caso nunca poderá supoñer alteración no necesario cumprimento das condicións de integración tipolóxica, nin depreciación do uso residencial, coa excepción que devén da implantación de determinados usos que, polas súas características:

- Son asimilables ao feito residencial (hoteleiro, residencial comunitario, etc.).
- Reforzan o carácter representativo da cidade histórica e o seu nivel de dotacións (comercial, administrativo, etc.).
- Permitan un equilibrio de usos co resto da cidade (oficinas, servizos empresariais, etc.)
- Pezas que posúen unha singularidade na estrutura de usos de toda a cidade.

No ámbito do Conxunto Histórico, con carácter xeral, debe prevalecer a recuperación da área residencial e das actividades económicas axeitadas conforme establece a L.P.C.G.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.5.3. As condicións xerais de estética urbana

As condicións de estética urbana son as que se impoñen á edificación e aos demais actos de incidencia urbana en desenvolvemento das competencias que, en materia de defensa da imaxe, do ambiente urbano e do fomento da súa valoración e mellora, corresponden ao Concello.

As condicións de estética urbana centran o seu campo de actuación sobre a envolvente do conxunto edificado, interpretando, desenvolvendo ou reiterando as invariantes compositivas e estéticas do ámbito, tanto no seu nivel xeral coma no que se refire á súa aplicación específica en ámbitos e para usos concretos, baixo o criterio xeral de acadar a maior sinxeleza nas solucións e de escapar da mímese como recurso.

Neste senso, os aspectos compositivos e de materialidade aparente representan os eixes sobre os que se desenvolven estas condicións, baixo o criterio xeral da integración no seu contorno.

Dende o punto de vista compositivo o Plan Especial establece o ritmo e despece da fenestración sobre a base da coherencia entre fronte de parcela, proporción cheo-baleiro e eixes reguladores, con predominancia do oco característico de compoñente vertical e proporcións contrastadas na análise do tipo, tanto en actuacións de nova planta coma nas de ampliación.

A vinculación do acabado da planta baixa, como elemento de contacto máis directo coa percepción social do ambiente urbano, pecha o discurso compositivo da fachada.

En canto aos aspectos de materialidade, os acabados enfuscados e as cubertas de tella garanten a integración do casarío. A estes aspectos súmanse as carpinterías de madeira con despieces e escuadrías tradicionais, reservándose os acabados pétreos e mixtos para solucións singulares.

Tanto os aspectos de materialidade coma os compositivos presentan unha excepción nos edificios, dotacionais e representativos, onde -en función do seu programa, posición e significación no ambiente urbano- se propicia a introdución da expresión arquitectónica contemporánea como legado da nova cultura respectuosa, por outra parte xa presente no ámbito, valoradora e integrada no seu contorno histórico.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



5.5.4. A ordenación volumétrica

As diferentes actuacións definidas no presente documento son o resultado dunha triple análise á hora de abordar a ordenación volumétrica:

- Lectura do conxunto da rúa mediante o plano de alzados das edificacións a escala 1/500: análise e definición de ritmos de cornixas, definición de alturas tipo e relación coa anchura do espazo público.
- Lectura das edificacións colindantes mediante o plano de alzados a escala 1/250: relación entre a altura de cornixa e a dos colindantes, valoración do impacto ambiental de aproveitamentos baixo cuberta, plantas ático e medianeiras.
- Lectura individualizada de cada edificio a partir do Ficheiro de Unidades Edificatorias da Información Urbanística do Plan: análise extensiva das respectivas superficies construídas por usos, estado xeral da edificación e descrición de patoloxías detectadas, análise e valoración dos esquemas tipolóxico-distributivos con identificación da posición da caixa de escaleira, muros portantes e elementos tipolóxicos clave, relación de elementos de valor ou singulares tanto exteriores coma interiores.

Como consecuencia das análises anteriores chegouse a efectuar unha tipificación das diferentes actuacións posibles atendendo ao tipo de obras proposto en cada caso, mediante a seguinte clasificación:

A. Actuacións de reelaboración de volume descontextualizado.

Trátase de actuacións dirixidas a suprimir ou reelaborar volumes excesivos que afectan á coherencia da imaxe arquitectónica en ámbitos unitarios do conxunto, que no caso de Monforte de Lemos se estende á lectura elevada que se produce dende o Monte de San Vicente, e ás vistas transversais nas ribeiras do Cabe.

Afectan basicamente á envolvente de cuberta e son o resultado da lectura do contorno inmediato (coa que se detectan os volumes excesivos ou descontextualizados e valórase o seu impacto ambiental), cruzada coa lectura individualizada da unidade que permite remitir á actuación máis idónea en virtude das súas características. Así, a permanencia ou non de áticos vén determinada polas características volumétricas do contorno.

Analizáronse sistematicamente as diferentes solucións de cuberta da edificación, o que permitiu definir unha ordenanza xenérica para todo o ámbito do Plan, que regula as características da cuberta en actuacións de rehabilitación, ampliación e de nova planta



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



(determinando número de augas, posición de cumieira, pendentes das augas, materiais, elementos permitidos, etc.).

A todos os efectos, os áticos existentes considéranse como unha planta máis da edificación. A súa permanencia, nos casos en que o Plan así o estima, xustifícase pola consolidación no treito de rúa dun determinado número de plantas ou por tratarse -en determinadas ocasións- de solucións compositivas contempladas xa no proxecto unitario do edificio. Defínese unha ordenanza xenérica para todo o ámbito do Plan que regula as solucións de ático e que é de aplicación, con carácter excepcional, naqueles edificios nos que expresamente se autoriza a pervivenza desta planta. Esta ordenanza regula a pendente de faldróns, altura máxima de cumieira e posición da mesma, separación do paramento vertical coa fachada, así como as características formais, compositivas e construtivas.

B. Actuacións de adecuación arquitectónica de fachadas e elementos exteriores.

Con este tipo identifícanse actuacións de adecuación arquitectónica que afectan a elementos parciais de fachada e a outros elementos exteriores de modo individualizado e sen supoñer a reestruturación volumétrica. Son o resultado da lectura individual que detecta os elementos distorsionadores en relación ao contorno inmediato que se considera guía de solucións tipo de referencia.

Regúlanse nesta categoría actuacións encamiñadas á adecuación formal, compositiva e construtiva dos diferentes elementos de cerramento da edificación que definen o seu volume.

As Normas de aplicación poden ser:

. Tratamento de fachada (TF).

Tratamento formal na composición de vans, adecuación da solución construtiva do cerramento, revestimento de cachoterías vistas, etc., ou de supresión de elementos descontextualizados.

. Tratamento de baixo (TB).

Reelaboración de vans atendendo aos eixes compositivos da fachada, parámetros máximos de distancia entre eixes, anchos máximos, materiais empregados, solucións de escaparates, voos, etc.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



. Tratamento de medianeiras (TM).

Tratamento volumétrico e construtivo das mesmas, tratamentos de acabado, revocos, tratamentos cromáticos.

C. Actuacións encamiñadas a completar o proceso evolutivo do edificio.

Trátase de actuacións que regulan procesos parciais de incremento do volume.

. Actuacións de adición dunha planta (PE).

Comprende esta categoría as adicións de planta, que son o resultado da lectura conxunta do total da rúa e do contorno inmediato, detectando aqueles edificios que non completaron o seu proceso evolutivo, así como da lectura individual dos mesmos corrixindo problemas de habitabilidade.

Para poder tipificar estas actuacións analizouse o conxunto edificado no ámbito do Plan, co fin de atopar, naqueles edificios onde o Plan considera que o seu grao de evolución está pechado, as pautas volumétricas, compositivas e construtivas que rexen a súa evolución.

Isto permitiu establecer as seguintes pautas xerais para as actuacións de adición de planta:

. Pautas volumétricas.

Para non alterar a proporción entre plantas, a altura da planta engadida deberá ser igual á da planta inmediata inferior. Desta maneira, mantendo a proporción de vans, mantense tamén a relación entre macizos e vans de fachada.

. Pautas compositivas.

Sempre se manteñen os eixes compositivos de fachada, establecéndose a diferenciación entre a adición en galería ou solaina, e a adición en liña de fachada.

. Carpintería.

A esquadría da adición é a mesma que a do resto do edificio.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	Fecha: 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Hora: 07:44
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



Se se producen solucións con vidros múltiples, estes son co despece empregado nas ventás existentes.

. Recercados.

Poden repetir as solucións das plantas existentes, sempre vinculándose a súa utilización a solucións construtivas a base de cantería ou perpiaños en formación de xambas, linteis e peitorís.

. Actuacións de ampliación de planta.

Son o resultado da lectura individualizada que detecta os problemas de habitabilidade a resolver, corresponde con aqueles casos nos que, conservándose o número de plantas, convértese unha planta ático nunha planta a fachada por razóns de habitabilidade ou coherencia co contorno. Esta actuación supón unha modificación da envolvente da cuberta e da liña de cornixa, e rexen para ela todas as condicións que rexen para as actuacións de adición de planta, sendo de aplicación os criterios compositivos definidos na actuación de adición correspondente, segundo o número de plantas e o ancho da fronte de fachada.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



5.5.5. Definición gráfica da proposta volumétrica

O proxecto volumétrico do Plan Especial materialízase na definición da liña de cornixa e da envolvente de cuberta, reflectidas no Plano de Alzados a escala 1/500.

O Plano de Alzados de Ordenación elaborouse sobre un plano de alzados a escala 1:200, no que se debuxa o total do casarío do ámbito do Plan no seu estado actual despezado en follas por rúas.

A parcelación queda reflectida sobre unha liña horizontal trazada inmediatamente debaixo da liña do perfil da rúa ou treito. A identificación de cada unidade edificatoria realízase polo seu código da parcelación, e polo seu código de cuarteirón. Os edificios catalogados diferéncianse mediante un símbolo gráfico xunto á súa identificación.

Debaixo da identificación rotúlase o número de plantas de ordenación e o tipo ou tipos de actuacións proxectadas para cada unidade edificatoria.

Identifícanse, mediante trama diferenciada, as situacións onde se propón adicións ou se prevén obras de nova planta e aquelas onde se propón a substitución de elementos engadidos descontextualizados. O tipo ou tipos de actuacións regulados para cada edificio rotúlanse debaixo da súa identificación.

A unidade de proxecto para a definición das distintas alturas de cornixa foi a rúa; por tanto, a liña proxectada e reflectida no Plano de Alzados debe lerse conxuntamente coa definida nas colindantes, de modo que se é necesario producir axustes orixinados pola escala de definición se manteña sempre a relación entre cornixas proxectadas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



66 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



5.6. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA

A superposición da declaración de Conxunto Histórico sobre parte dun ámbito ordenado polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal determina a revisión e adaptación das cualificacións urbanísticas establecidas á lexislación sectorial de aplicación. Así, o artigo 55 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia establece a obriga para o Concello no que se atope o conxunto de redactar un plan especial de protección da área afectada, e que dita obrigatoriedade non poderá escusarse na preexistencia doutro planeamento.

Partindo da base da diferente delimitación deste Plan Especial e as determinacións contidas no planeamento municipal vixente, o Plan Especial ordena pormenorizada e individualmente o conxunto do casarío do ámbito BIC, mantendo, coas adaptacións necesarias ás normas xerais de integración ambiental e estética, as cualificacións das Normas Subsidiarias nas zonas de contorno de protección.

Con estes antecedentes, e toda vez que o obxectivo do Plan Especial é a salvagarda integral da estrutura urbanística e dos elementos de interese do Conxunto Declarado, non ten cabida propiciar un incremento sistemático do volume edificado tal e como propoñen as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal no ámbito das ordenanzas de “Casco Antigo” e “Residencial Cerrada”, sen prexuízo dos lixeiros reaxustes que se poidan introducir no seu perfil.

Igualmente o Plan Especial non establece unha cualificación urbanística común para a totalidade do seu ámbito, senón que, en función do seu carácter heteroxéneo dada a diferente evolución histórica das partes, establece catro ámbitos correspondentes con outras catro zonas de normas particulares, que é relevante para os efectos de regulación dos usos e as condicións estéticas e de integración ambiental pormenorizadas. Por outra banda diferencia dúas grandes categorías que se constitúen sobre cualificacións referidas ás concretas condicións de edificación atendendo ao seu valor patrimonial: a edificación catalogada e a edificación non catalogada.

Polo tanto o pormenor da análise do Plan Especial permite acadar un nivel de cualificación que descende á unidade edificatoria.

En canto ás Normas Particulares de Zona, as catro que establece o Plan especial son as seguintes:

- Recinto Intramuros (RI), que abrangue o antigo Burgo Medieval intramuros onde o planeamento dá por rematado o proceso de construción polo que a súa regulación se



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



establece sobre a base xeral da conservación do volume actual, introducindo medidas de protección das singulares características tipolóxicas, etnográficas e construtivas.

- Áreas Urbanas Históricas Inmediatas (AU), que abrangue a primeira periferia histórica do recinto intramuros en formación de arrabalde, onde o planeamento dá por culminado o proceso de elaboración da forma do espazo público, e as intervencións de nova edificación e sobre a edificación existente deben ser compatibles cunha dinámica de rehabilitación e mellora e de acabado puntual da volumetría. Ao igual que no ámbito anterior, o planeamento introduce medidas de protección das singulares características tipolóxicas, etnográficas e construtivas.
- Lineais Históricas Periféricas (LH), que abrangue as pezas históricas vencelladas a camiños exteriores en formación de estruturas urbanas de carácter lineal, onde o planeamento establece un proceso de desenvolvemento edificatorio para introducir actuacións de cualificación tendentes a posta en valor das arquitecturas que perviven e da súa morfoloxía urbana, caracterizada pola diferenciación entre o ámbito de posición da edificación sobre o viario lineal e a horta ocupando o resto da parcela. Neste ámbito establécense áreas de recualificación ambiental de determinados treitos que ofrecen fachadas traseiras ao espazo público.
- Vivenda Unifamiliar (VU), que corresponde ao contorno do Conxunto Histórico que integra formacións de expansión cunha tipoloxía edificatoria dominante de vivenda unifamiliar exenta.

No ámbito de cualificación da edificación catalogada, a regulación normativa en canto ao contido edificatorio remite a unha regulación de cada un dos elementos a través do ficheiro de unidades edificatorias que, sobre a base da conservación do volume actual en actuacións xerais mantemento, de conservación, restauración e rehabilitación, e atendendo ao seu nivel de protección, pode establecer a necesidade puntual de reestruturación maioritaria e a posibilidade de nova edificación cunha directriz compositiva e de integración que fixa o Plan Especial, para aqueles elementos ou partes dos mesmos non protexidas ou que claramente son desconformes cos criterios de valoración desta peza.

No que atinxe ao ámbito de cualificación da edificación non catalogada a súa regulación normativa establécese en parámetros reguladores xerais.

Fóra do ámbito declarado Conxunto Histórico, o aspecto singular da regulación urbanística é aquel que reflicte a incorporación ao ámbito do Plan Especial de pezas con cualificación urbanística previa nas Normas Subsidiarias. Neste sentido na zona de contorno de



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



protección do ámbito declarado, o Plan Especial respecta o seu aproveitamento urbanístico, sen renunciar a formular actuacións de reordenación volumétrica alí onde a presenza, integración e mellora das relacións do conxunto histórico o esixe, subsumándoas na regulación común do ámbito do Plan Especial.

Por último, e adicionalmente, diferéncianse as cualificacións urbanísticas dos sistemas dotacionais, de espazos libres e zonas verdes e da rede viaria, predefinida como determinación do planeamento xeral ou complementada polo Plan Especial.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



70 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.7 ACCIÓNS BÁSICAS EN INFRAESTRUTURAS

O progresivo desenvolvemento das distintas redes de servizos e a súa implantación no Conxunto Histórico de Monforte de Lemos, foise producindo sen que foran abordadas actuacións planificadorias de conxunto tanto para acometer a súa reimplantación como para a súa progresiva renovación. Iso trae aparelado á existencia de redes de servizos incompletas, con trazados e dimensións contraditorias e materiais dispares, ao que se lle engade un descoñecemento da súa situación concreta que afecta ao seu mantemento e conservación, ou as condicións topográficas de planitude no val que poden afectar a determinadas redes.

Os problemas existentes non derivan tanto da cobertura do seu servizo, que abrangue a totalidade do ámbito, senón da súa antigüidade nalgúns casos, e estado de conservación noutros.

As propostas do Plan Especial polo tanto van encamiñadas a paliar este problema mediante a realización dun Programa de Coordinación, que permita abordar conxuntamente as renovacións e substitucións das infraestruturas que o precisan, e o deseño dunha Ordenanza Municipal que regule especificamente a utilización do subsolo.

Igualmente debe procederse á normalización progresiva dos distintos rexistros e arquetas das infraestruturas, con tendencia a crear arquetas tipo de acometida conxunta que minimicen o impacto visual das existentes e minoren os custos de reparación e reposición de elementos.

Co mesmo criterio de normalización, propónse a creación de conducións unitarias ata as edificacións coa implantación de caixas ou arquetas de acometida e tubos que permitan albergar nun mesmo conduto diversas infraestruturas (telefonía e cable, electricidade e iluminación), así como a reordenación progresiva dos tendidos que deberán ser paulatinamente subterráneos, contribuíndo a reducir os impactos visuais provocados pola proliferación de cableado nas fachadas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.7.1. Propostas xerais de Infraestruturas Básicas

Neste apartado englobanse diversas propostas que teñen en común a participación de todas ou varias infraestruturas, incidindo principalmente na súa coordinación, compatibilización, normalización e integración ambiental.

A. Como primeira e máis xenérica recomendación cabe destacar a importancia da coordinación das accións infraestruturais, sexan estas de pertinencia do Concello ou de empresas subministradoras de servizos.

Neste sentido é importante procurar a óptima compatibilización entre tódolos servizos, aproveitando calquera apertura do subsolo para a mellora de todas as infraestruturas afectadas e minimizando os seus impactos sobre o medio urbano e en particular en coordinación cos traballos de renovación dos pavimentos que compoñen o acabado da urbanización das rúas.

Así mesmo, o Concello deberá promover a subscrición de Convenios coas Empresas Subministradoras de servizos non municipais, de tal xeito que se regulen eficientemente as mutuas interaccións.

B. Pregos de Condicións Técnicas de Urbanización (CTU) e Normalización de Elementos Infraestruturais (NEI).

Elaborarase un **Prego de Condicións Técnicas de Urbanización (CTU)** e un proxecto de **Normalización de Elementos Infraestruturais (NEI)**, de forma que se regule a adecuada implantación (superficial e/ou subterránea) dos seus múltiples elementos. Esta potenciación da homoxeneidade material, funcional e executiva comportará unha mellor calidade dos espazos urbanos e unha diminución dos custos de explotación e mantemento dos servizos.

Dentro de dita Normalización, debe darse especial atención ás experiencias de galerías comúns de servizos, con obxecto de procurar minimizar as afeccións infraestruturais en ámbitos (e pavimentos) de particular calidade.

C. Plan de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (PCAF).

Un dos aspectos que máis deteriora a imaxe urbana e a calidade ambiental do espazo urbano do Conxunto Histórico de Monforte de Lemos, xunto co estado da edificación, é a proliferación de diverso cableado e elementos puntuais de conexión.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



De feito, calquera mirada atenta á arquitectura acaba sendo atraída polos moitos cables (algúns de importante grosor) que adoitan discorrer pola liña de 1ª altura de fachada, acompañados por variopintas caixas de diversos tamaños, formas e materiais, con localizacións particularmente desordenadas. A iso ten que engadirse os cruzamentos aéreos do espazo urbano que xorden cando se producen discontinuidades nas liñas de fachadas ou interrupcións das rúas.

Estamos diante dun síntoma do descontrol dos procesos de implantación destas infraestruturas que veñen primando a economía e comodidade da xestión dos operadores sen considerar os negativos impactos no medio urbano e no patrimonio.

Estes problemas reconduciríanse, en parte, mediante a aplicación das dúas propostas anteriores, pero necesitan, ademais, dun específico **Plan de Eliminación do Cableado Existente**, podendo destacarse nel os seguintes criterios e consideracións:

- Todos estes elementos poden (e deberán) ir subterráneos e/ou fóra das fachadas).
- Pola súa parte, as redes eléctrica, telefónica e de cable en xeral, haberán de acometer desde o subsolo ata o interior da entrada dos edificios, distribuíndose posteriormente polo seu interior.
- Todas estas infraestruturas deberán ir dentro de canalizacións subterráneas, como xa sucede frecuentemente na práctica urbanizadora, aínda que provoca certa oposición das empresas de servizos, pola innegable maior facilidade da súa explotación cos tendidos exteriores.
- Pola súa parte, aos cableados da **iluminación pública** tamén é de aplicación o antedito, se ben cunha diferenza substancial como é a súa incidencia exclusivamente exterior. Por iso, o cableado de chegada a cada luminaria haberá de ir por fóra das fachadas.
- Cómpre introducir a utilización de medias cañas, á maneira das utilizadas tradicionalmente como protección dos treitos inferiores das baixantes verticais de edificios.
- Pola súa parte, os treitos aéreos, resolveranse mediante convencionais cruces debaixo das calzadas.

En resumo, o **Plan de Eliminación de Cableado**, haberá de incidir nestes aspectos, participando na **Normalización de Elementos Infraestruturais** e coordinado pola **Comisión de Infraestruturas Básicas**.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



O custo de execución do Plan será previsiblemente elevado, podendo diminuírse se se aproveitan determinadas accións de reurbanización (xeral ou específica dos servizos implicados).

74 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



5.7.2. Infraestructuras hidráulicas

Non presentándo un problema a cobertura do servizo, o que se contempla é a paulatina substitución das antigas conducións, acompañando este proceso co resto de intervencións no espazo público, tal e como ven acontecendo nos últimos anos.

O Plan Hidrolóxico Miño-Sil detecta como principal problema na cidade de Monforte de Lemos en canto á rede de saneamento o estado da actual estación depuradora de Piñeira, fóra do ámbito do Plan Especial.

Dadas as características do plan especial de protección do conxunto histórico declarado, a ordenación urbanística incide minimamente no incremento da superficie construída existente e, aínda en menor medida, no incremento do parque de vivenda existente servido na actualidade polas infraestructuras existentes.

A superficie construída dotacional existente elévase a 55.600 m². A superficie construída existente das edificacións non destinadas a equipamentos acada no ámbito do Plan Especial os 340.400 m². Por tanto a superficie construída total existente ascende a 396.000 m².

Os complementos volumétricos da edificación permitidos polo Plan Especial que poden incidir no incremento do parque residencial acadan un total de 14.900 m² construídos. Pola súa parte, a edificación de nova planta permitida ascende a 28.000 m² construídos. En total, a ampliación da superficie construída con posible incidencia no incremento do parque residencial non superará os 42.900 m², cunha capacidade teórica estimada para 600 habitantes equivalentes.

Así, a demanda xerada pola poboación equivalente que representa o desenvolvemento das determinacións do Plan Especial é inferior ao 3,6% da poboación servida na actualidade pola ETAAP de Ribasaltas.

Pola súa parte o caudal de augas residuais xerado polo desenvolvemento do Plan Especial corresponde a unha poboación inferior ao 3,5% da atendida na actualidade pola EDAR de Piñeira.

Conclúese así que a incidencia nos sistemas de infraestructuras hidráulicas existentes producida polas determinacións do Plan Especial é mínima, e non está vencellado ao desenvolvemento de ningunha actuación de urbanización, nin ao crecemento urbanístico da cidade, senón que obedece á recuperación urbana do ámbito de interese patrimonial do centro urbano, que pretende recuperar a súa atractividade para a residencia da poboación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



5.7.3. Outras Infraestruturas

Como se diagnosticou na Información Urbanística a proposta de reordenación das restantes infraestruturas diríxese particularmente a abordar a aconsellable coordinación entre as distintas redes de servizo, tendendo a unificar as canalizacións subterráneas e os elementos de acometida, que mesmo poden ser compartidos por distintas infraestruturas.

Electricidade.

A rede de media tensión así como os centros de transformación existentes, considéranse axeitados para o subministro do ámbito, unha vez realizadas as actuacións de renovación e integración ambiental que sexan do caso.

A rede de baixa tensión que discorre hoxe polas fachadas dos edificios é a que presenta problemas de integración ambiental. O Plan contempla o seu soterramento, así como a progresiva substitución das actuais caixas de acometida por arquetas comúns que permitan albergar varias infraestruturas, entre elas a de baixa tensión.

Infraestruturas de telecomunicacións.

Tenderase ao soterramento de todas as infraestruturas de telecomunicacións (actualmente a de telefonía é a maioritaria) por condutos de instalacións conxuntos que permitan acceder a todos os operadores do mercado.

O soterramento da rede telefónica, deberá ser estendida a todo o ámbito do Plan Especial, permitindo ademais o futuro acceso doutros servizos de telecomunicacións por cable. De igual modo propónse homoxeneizar as arquetas, reducindo o seu número, como consecuencia da coordinación das distintas infraestruturas.

Rede de gas.

A tendencia xeneralizada do uso do gas canalizado levará aparellada a necesaria adecuación dos edificios, evitando que as acometidas se produzan exteriormente polas fachadas e poidan alterar as características arquitectónicas que se pretenden preservar e valorar a través do catálogo da normativa do Plan Especial.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



Rede de iluminación.

O obxectivo marcado polo Plan Especial fundaméntase no aumento da calidade ambiental urbana, a diminución dos consumos e a mellora do mantemento.

A rede de iluminación someterase a unha labor de mellora, reciclando os farois e luminarias, e procedendo á substitución daqueles materiais obsoletos.

O mesmo que para as restantes infraestruturas, terá que procederse a soterrar paulatinamente todo o cableado existente na maior parte das rúas, coa excepción xa comentada do cableado de luminarias públicas adosadas ás fachadas.

Por último, a mellora dos centros de mando haberá de permitir a posibilidade de reducir a iluminación a determinadas horas para diminuír o consumo eléctrico, colocando redutores de potencia ou modificando os equipos.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



78 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



6. A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA. RESULTADO DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E DAS CONSULTAS

6.1. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

O Concello de Monforte de Lemos, seguindo as determinacións da lexislación urbanística e ambiental en vigor, iniciou o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada en data 23.11.2016.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio resolveu someter a consulta pública na súa sede electrónica por un prazo de 2 meses, previa á emisión do informe ambiental estratéxico, o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan Especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos.

Durante ese prazo foron recibidos os Informes e suxerencias das seguintes administracións e entidades:

INFORMES E SUXERENCIAS EMITIDOS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CONSULTADAS DURANTE O PERÍODO DE CONSULTAS DO TRÁMITE AMBIENTAL

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Instituto de Estudos do Territorio
Consellería do Mar. Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e innovación Tecnolóxica
Sociedade Galega de Historia Natural.

Vistos os Informes e suxerencias emitidas a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu **non someter** á avaliación ambiental ordinaria o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, ditando o Informe Ambiental Estratéxico, que se reproduce ao final deste apartado. Ademais publicouse no DOG nº 57 de 22 de marzo de 2017 esta resolución.

O Informe ambiental estratéxico recomendou observar certas determinacións para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais adversos.

Así sinalaba a integración das consideracións do Informe de consultas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non edificar en zonas de fluxo preferente no referido ao ámbito ED-2, actualizar as referencias relativas ao Plan Hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica Miño Sil. Neste sentido explicouse que durante a tramitación do Plan debíanse solicitar informe ás administracións con competencia e as solucións adoptadas foron



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



consideradas viables nos informes favorables emitidos posteriormente. Ademais sinalar que durante a tramitación do Plan foi eliminado o ED-2.

Por outra parte, *recomendouse rexeitar a implantación de novas edificacións ou aparcadoiros en terreos de elevada pendente que requiriran excesivos movementos de terra ou en ámbitos que contan con interese patrimonial ou paisaxístico*. A este respecto estimouse que o Plan Especial na súa versión para aprobación inicial axústabase á determinación establecida, tanto dende o punto de vista xeral como particular.

Toda vez que a determinación non detalla ámbitos concretos, cabe identificalos na proposta e en concreto no apartado referido a efectos ambientais previsibles.

Así identifícase unha zona no cruce das rúas Falagueira, Zapaterías e Cárcere Vella, onde se chama a atención sobre a existencia dun terreo con pendente moderada *“onde calquera construción nova poderá ocasionar impactos paisaxísticos”*. Neste senso cabe indicar que ao interior da ordenanza de Recinto Intramuros (RI) onde se sitúa este ámbito non se contempla ningunha nova construción sobre as xa existentes, conforme establece o apartado 2 do artigo 140 da normativa urbanística do Plan Especial, polo que o risco detectado está desbotado.

A outra zona que se identifica é a correspondente á proposta de aparcadoiro na rúa de Santo Domingo, neste senso indicar que este intégrase na proposta de recuperación ambiental do Parque dos Loureiros, que se sitúa por detrás do Convento de San Xacinto, nun ámbito de escasa visibilidade e que ocupa unha explanada xa existente. O seu acondicionamento permitirá a recuperación dun espazo de excepcional valor ambiental e paisaxístico como é o adro da igrexa da Régoa, actualmente ocupado por vehículos.

Outra consideración sinalou a necesidade de que o estudo de detalle ED-1 tomase en consideración o establecemento de tipoloxías edificatorias compatibles, e que no ED-4 se minimizase o posible efecto barreira. Respecto do ED-1 indicar que durante a tramitación do Plan foi eliminado. En canto ao ED-4 aclarouse que o artigo 10 da normativa urbanística do Plan Especial, na versión inicial do Plan, xa regulou o control do posible impacto dos novos volumes e que este planeamento debía ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que concluiu coa emisión dun informe favorable.

Por último sinalouse que nas ZEPVN e ZEC do Río Cabe debíanse establecer as cautelas necesarias para que os espazos verdes cualificados nestas áreas non ocasionasen efectos negativos non previstos e incluír determinacións relativas a establecer medidas preventivas para preservar os refuxios, niños e colonias de fauna. Neste sentido aclarouse que ten escasa extensión no ámbito do Plan Especial, tal e como xa se indicou no Documento



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Ambiental Estratéxico, e que foi obxecto dunha intervención de acondicionamento, -recente no momento da emisión do Informe Ambiental Estratéxico-, por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, non propoñendo o Plan Especial, na súa versión para aprobación inicial, calquera outra intervención. Dito isto indicar que o que sí fai o Plan Especial é incorporar o ámbito do conxunto ambiental das Ribeiras do río Cabe ao Catálogo de Elementos do Espazo Público e Elementos Naturais suxeitos a protección, regulándose no artigo 49 da Normativa Urbanística do Plan Especial, polo que o risco indicado queda desbotado.

En canto ao modelo de restauración dos monumentos, indicar que estes deben ser obxecto dun Plan Director de Conservación ou de Proxectos integrados de Conservación, conforme á actual lexislación de Patrimonio, e que son estes proxectos o marco axeitado para establecer as determinacións demandadas en relación cos refuxios, niños e colonias de fauna.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



82 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



6.2. TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Tras a aprobación inicial por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de xullo de 2017 (DOGA 03.08.2017), o Concello de Monforte de Lemos iniciou o trámite de Información Pública polo período de 2 meses.

A continuación preséntase, de xeito resumido, o resultado do trámite de información pública ao que foi sometido o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos (alegacións e informes sectoriais).

Alegacións

O período de información pública e consultas ao que foi sometido o Plan Especial iniciouse o 4 de agosto de 2017 mediante anuncio no DOGA nº 147, de 3 de agosto. Simultaneamente procedeuse á notificación individualizada a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados conforme ao establecido no art. 75.1 da Lei 2/2016. O prazo de Información pública foi ampliado outros dous meses por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2017 ata 4 de decembro de 2017 (DOGA nº 186 de 29 de setembro). Durante dito período foron formuladas un total de 100 alegacións, das cales 48 foron aceptadas parcial ou totalmente incorporándose ao documento as modificacións derivadas das mesmas. Todas elas referíanse a cuestións de índole urbanística. Delas, un 48% referíanse a cuestións de edificabilidade, un 21% ás alturas permitidas, un 20% facían referencia a cuestións que tiñan que ver coa delimitación parcelaria, un 17% a cuestións de catálogo e outro 17% daban conta de erros detectados.

Informes sectoriais e consultas

Igualmente foron solicitados os Informes sectoriais, sendo emitidos durante o trámite de Información pública os que se relacionan a continuación:

INFORMES EMITIDOS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

Subdelegación del Gobierno en Lugo
Ministerio de Hacienda. Dirección General de Patrimonio del Estado
Confederación Hidrográfica Miño-Sil
Consellería de Facenda. Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
Dirección General de Política Energética y Minas
Axencia Galega de Infraestruturas
Deputación Provincial de Lugo

Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación. 83
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020.
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



84 Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos. Memoria de Ordenación.
Documento para Aprobación Definitiva.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		





RESOLUCIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO
DE MONFORTE DE LEMOS.

Expediente 2016AAE1980, Código web 1880/2016

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación
Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Concello de Monforte de Lemos dispón dunhas Normas subsidiarias de planeamento (NNSS) que foron aprobadas definitivamente o día 01.10.1985. Ditas NNSS incorporan o ámbito do Conxunto Histórico e de Protección contido na delimitación do 22 de febreiro de 1973. Esta delimitación vese modificada pola declaración de Ben de Interese Cultural mediante Decreto 187/2005, de 16 de xuño.
- 2 O día 23.11.2016 a anterior Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental¹ recibiu un escrito do Concello de Monforte de Lemos no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos*.
- 3 O día 30.11.2016 a anterior Secretaría Xeral iniciou un período de consulta pública, a través da súa sede electrónica, dos documentos recibidos, o cal finalizou o día 30.01.2016. Ao mesmo tempo, consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo², entre outras administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.b) da Lei 2/2016 sinala que debe someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica o planeamento de desenvolvemento por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 O artigo 75.3.b) da dita Lei establece que o órgano ambiental, tras validar a documentación presentada polo promotor, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de dous meses. No caso de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo.

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

² Actual Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



- 4 O artigo 31.2. da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que o Plan especial ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico (PEPCHA)

Ámbito de actuación: corresponde co ámbito do Conxunto Histórico-Artístico declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 187/2005, de 16 de xuño, que modifica o anterior, do 22 de febreiro de 1973. Inclúe como zonas de respecto parte dos barrios de Carude, Ramberde e Praza do Piñeiro, así como as beiras do río Cabe.



Ámbito afectado polo PEPCHA

Superficie: O PEPCHA acada unha superficie de 69,18 Has, das que 52,51 Has corresponden propiamente ao conxunto declarado, e 17,67 Has ás zonas de respecto.

Obxecto: Desenvolver un instrumento urbanístico capaz de lograr a salvagarda do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e cultural do conxunto; a recuperación do uso residencial e a actividade económica; a mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona; a integración da zona no contexto funcional da cidade; e a protección dos valores ambientais e paisaxísticos.





Proposta: A alternativa elixida propón a redacción dun Plan Especial baseado no cumprimento da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia que, ademais, integre políticas e programas a longo prazo para a salvagarda, recualificación e rehabilitación do patrimonio construído, do medio ambiente e da paisaxe. Así mesmo, trátase de homoxeneizar o nivel de determinacións entre as diferentes partes do conxunto e incorporar o espazo público como obxecto fundamental das súas accións.

Ofrécense outras alternativas menos viables, a "0" de non actuación, e a "1" que limita a redacción do PEPCHA ao cumprimento das determinacións específicas de protección establecidas na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

A alternativa elixida establece a seguinte **zonificación**: zonas residenciais, zonas verdes, equipamentos, aparcadoiros, servizos técnicos e sistema viario. Dentro da zona residencial defínese a seguinte cualificación: recinto intramuros (RI), áreas urbanas históricas inmediatas (AU), lineais históricos periféricos (LH) e vivenda unifamiliar (VU).

Para o desenvolvemento e execución das determinacións do PEPCHA contémpanse: redacción de proxectos de urbanización e de obras ordinarias, proxectos de rehabilitación do espazo urbano, proxectos de intervención, e os seguintes **estudos de detalle**:

- ED-1: ten por obxecto definir o acabado da rúa histórica de Abeledos, e modificar a alifación do viario, garantindo a continuidade da rede viaria entre a rúa Pascual Veiga e a rúa Padre José de Carabantes. A ordenación volumétrica garantirá a transición da tipoloxía de vivenda unifamiliar de baixo e unha planta na rúa Abeledos, a outra de baixo e dúas plantas na rúa Pascual Veiga, establecéndose un aproveitamento edificatorio de 1 m²/m².
- ED-2: situado no ámbito da ponte romana. Ten por finalidade garantir a permanencia das visuais sobre a Fortaleza dende a rúa de Santa Clara. Establece unha altura máxima de edificación de baixo e unha planta, ordenando un volume máximo de 200 m² que se acaroará á medianeira existente.
- ED-3: completárase a edificabilidade da parcela catalogada sita na traseira do Concello. Establécese unha altura máxima de edificación de baixo e dúas plantas cun volume máximo de 200 m², a maiores do correspondente á edificación catalogada, que deberá acaroarse á medianeira da edificación lindeira.
- ED-4: abrangue seis parcelas baleiras na rúa Real, onde se deberá consolidar a estrutura lineal mediante a ordenación dun volume máximo de 1 m²/m² que, na súa disposición, haberá de garantir a visión sobre a muralla, cunha altura máxima de edificación de baixo e dúas plantas.
- ED-5: ten por obxecto garantir a permanencia das visuais da torre da Fortaleza dende a rúa Doutor Casares. Establece un aproveitamento máximo de 1 m²/m² cunha altura máxima de baixo e unha planta.


Tamén se elaborará un **catálogo de bens a protexer** onde se fixará o grao de protección das edificacións, cunha regulación específica que virá detallada na normativa. Neste catálogo establécense catro niveis: edificios monumentais (A), edificios de excepcional significación arquitectónica, histórica e cultural (B), edificios de características singulares e elevado valor arquitectónico (C), e edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica (D). A e B correspóndese cos niveis de protección integral, C co nivel de protección estrutural e D coa protección ambiental.

Asemade, contémpanse os seguintes **plans e proxectos**: Plan de Renovación do Alumeado Público (P.R.A.P.), Plan de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (P.C.A.F), Proxecto unitario de mobiliario urbano para a totalidade do ámbito do Plan Especial, Normalización de Elementos

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		



Infraestruturais (NEI), actuacións de reurbanización nos eixes viarios (RE), actuacións de conexións e mantemento (MC) e actuacións de reurbanización nas áreas de remodelación urbana (ARU).



2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PEPCHA abarca unha ampla área urbana, nun medio totalmente transformado e consolidado, na cidade de Monforte de Lemos. Predominan as edificacións tradicionais residenciais entre medianeiras e dotacións de uso diverso. A poboación do núcleo urbano rolda os 16.407 habitantes (INE 2015). En canto á actividade económica, Monforte configúrase como centro de intercambio de bens e servizos da comarca de Terra de Lemos, acollendo gran cantidade de infraestruturas comerciais, dotacionais e de servizos. No entanto -segundo recolle a memoria do PEPCHA-, nos últimos anos vén padecendo as seguintes problemáticas: lento deterioro da edificación, alto nivel de vivendas baleiras, perda de poboación, aumento da súa idade media, diminución da actividade comercial, alto porcentaxe de locais baleiros e degradación do espazo público (debido á prioridade do tráfico rodado fronte a o peonil e á obsolescencia de materiais e mobiliario).

Os principais valores do ámbito son de indole **cultural**, salientando o valor dos trazados urbanos orixinais, da arquitectura tradicional e dos edificios monumentais. Monforte de Lemos conta con multitude de bens patrimoniais dignos de protección, entre eles salienta o BIC que conforman o Castelo, Muralla e Fortaleza, e que ten clasificación de Monumento. Tamén cómpre destacar os edificios do Mosteiro e Igrexa de San Vicente, o Pazo Condal, o Mosteiro de Santa Clara, a Igrexa da Régoa, os Escolapios e as "casitas" da Compañía, de excepcional valor arquitectónico e histórico. Ademais, destacan un gran número de construcións e vivendas de distinto carácter e época de elevado interese arquitectónico ou características singulares. Salientar, tamén, o paso pola Vila da



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)



variante popular non recoñecida do Camiño de Santiago de Inverno, que une Ponferrada coa capital galega polo val do río Sil. Este percorrido naceu para evitar os cumios do Cebreiro no inverno.

Ademais do valor cultural, o PEPCHA insírese nun ámbito con **valores naturais e paisaxísticos** destacables. O río Cabe é un corredor de vexetación ripícola autóctona que forma parte dos espazos fluviais protexidos pola Rede Natura 2000, integrando a ZEPVN e ZEC Río Cabe (ES1120016). O leito perde dita protección á altura do núcleo de Monforte de Lemos, agás nun tramo ao sur (de aproximadamente 90 metros) que afecta á delimitación do Plan especial.

Respecto da **paisaxe**, o PEPCHA encádrase na comarca paisaxística de Sarria-Terra de Lemos, dentro da gran área paisaxística das Chairas e Fosas Luguesas. O val do río Cabe e o Monte de San Vicente constitúen os principais elementos estruturais que dan forma á orografía de Monforte de Lemos. O Monte de San Vicente conta cunha alta incidencia visual, tanto dende os contornos urbanos, como dende os eixes viarios principais, constituíndo unha nítida e destacada referencia na chaira do val central.



Vista sur dende a vila de Monforte



Vista dende a rúa Zapardiel



Vista dende a estrada LU-664

Informe ambiental estratéxico: Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

páxina 5 de 12

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OEICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44



En canto aos **riscos**, no ámbito identifícanse tres Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) que se corresponden cos seguintes leitos: río Cabe (ES010-LU-03-01-27982-10), rego das Veigas (ES010-LU-03-01-26814-10) e regato das Malloadas (ES010-LU-03-01-26815-10). A zona de fluxo preferente e zona inundable invade zonas de ordenanza residencial, zonas verdes e equipamentos, situados á beira deste leitos.

Ademais, o ámbito vese afectado por áreas de especial exposición fronte accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, asociadas á liña de ferrocarril, á estrada estatal N-120 e ás estradas autonómicas LU-546, LU-662 e LU-933.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Durante o período de consultas recibíuse resposta da Subdirección Xeral de Urbanismo, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, da Sociedade Galega de Historia Natural, e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Os informes recibidos fan observacións de carácter documental ou normativo que implican pequenos cambios na ordenación proposta. O Concello deberá considerar a totalidade destas observacións no proceso de elaboración do PEPCHA, para o cal remítenselle os textos integros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Subdirección Xeral de Urbanismo

Informan que a delimitación do ámbito rectifica o perímetro do conxunto a ordenar, adaptándose ao parcelario existente.

Sinalan que, segundo o artigo 65.2 da LSG, o PEPCHA deberá establecer razóns xustificadas para reaxustar a delimitación dos ámbitos afectados de solo urbanizable non delimitado, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10%, incluso cando o axuste afecte á clasificación urbanística. En todo caso, será necesaria a audiencia aos propietarios afectados.

Así mesmo, establecen que o Plan especial conterá as determinacións que sobre o solo urbano establece o artigo 53 da LSG. Por iso, terán que establecer -nos planos de ordenación- os fondos de edificación así coma os alzados de ordenación (aos que se alude nas distintas ordenanzas) co fin de poder definir todas as condicións de edificación correspondentes a esa zona.

Nos planos de ordenación faise referencia a unha ordenanza de casco antigo (CA), cuxos parámetros reguladores recóllense nos antecedentes de planeamento, pero non aparecen nas ordenanzas reguladoras.

Respecto dos estudos de detalle, indican que terán que establecer as ordenanzas que definan os usos e as condicións estéticas e de composición que logo poidan ser complementadas por esta figura de planeamento. No ED-1 terase en conta o tratamento da zona con tipoloxías edificatorias compatibles con respecto ao cuarteirón no que se atopa.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Tras facer unha introdución sobre os bens do patrimonio cultural presentes no ámbito, establecen as seguintes medidas protectoras e correctoras:

O documento presentado é bastante exhaustivo, mais cómpre sinalar que toda a información recompilada debe organizarse de xeito que a súa consulta sexa doada e intuitiva, e que toda esa información cumpra coas esixencias determinadas pola LPCG. Podería incluírse un plano-guía cos quinteiros para poder identificalos con facilidade.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44





A continuación describen o **contido** que deberá incorporar o PEPCHA segundo o artigo 56 da LPCG.

Respecto da proposta de "catálogo básico" e os catro **niveis de protección** establecidos no apartado 5.4 do borrador, lembran que o alcance da protección nos bens do patrimonio arquitectónico derivará da relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación, e clasificaranse nos niveis definidos no artigo 41.1 da LPCG. Así mesmo, poderán definirse diferentes niveis de protección nas partes integrantes dunha mesma delimitación.

As **intervencións** nos bens, no seu contorno ou na zona de amortecemento, clasificaranse segundo os modelos establecidos no artigo 40 da LPCG. Todos estes datos figurarán expresamente nas fichas do catálogo para cada un dos bens de xeito individualizado. Deberase ter en consideración que as actuacións que excedan ás de mantemento sobre os bens declarados ou catalogados esixirán a elaboración do correspondente proxecto de intervención segundo o disposto no artigo 43 da LPCG.

Incluiranse as determinacións recollidas no artigo 81 da LSG. As **fichas** que se inclúan no catálogo de protección deberán cumprir cos anteditos mandatos legais, facendo especial fincapé no seu contido e claridade.

Ao respecto do **patrimonio inmaterial** –regulado no artigo 9.3 la LPCG- resalta a importancia da construción en tapia, como técnica construtiva tradicional característica nas terras de Lemos. Deberase incluír no catálogo de protección a propia técnica construtiva como un cofecemento tradicional con valor inmaterial. Deberase establecer tamén unha estratexia de conservación e posta en valor coas actuacións que sexan necesarias para garantir o seu uso e funcionalidade.

As actuacións de rehabilitación do espazo público e mellora do ambiente urbano deberanse axustar á **zonificación arqueolóxica**, asumindo todas as cautelas que sexan oportunas en relación coa riqueza arqueolóxica da zona. Os proxectos técnicos que se redacten deberán ser respectuosos cos bens catalogados, e deberán incluír medidas específicas dirixidas á protección e conservación.

En relación coas **actuacións de urbanización**, darase preferencia ao uso de materiais e técnicas tradicionais propios da zona. O novo deseño deberá ser acorde coas características do contorno, empregando un cromatismo, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito.

Os **estudos de detalle** deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado.

En canto ao conxunto dos **Escolapios**, deberíase diferenciar o edificio protexido dos terreos libres onde están as pistas deportivas e demais espazos vinculados ao colexio, recoñecendo os seus valores e outorgándolle unha protección acorde.

Instituto de Estudos do Territorio

Informan que no borrador evidenciase unha consideración integrada da problemática que implica a ordenación dun conxunto histórico, que garda unha especial e directa relación coa paisaxe, en particular coa paisaxe urbana e a súa relación co medio exterior, xa que o conxunto monumental de San Vicente do Pino ten unha destacada presenza no territorio. Neste sentido, o documento ambiental expresa que na elaboración do plan especial teranse en conta todas as variables que inflúen e influirán na percepción da vila histórica de Monforte, polo que os efectos que cabe esperar do plan especial serán necesariamente positivos.

Polo tanto, consideran que o Plan especial non terá un impacto significativo sobre a paisaxe do concello de Monforte e que, en todo caso, será de carácter positivo.

Informe ambiental estratéxico: Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

página 7 de 12

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
 Fecha: 07/12/2020
 Hora: 07:44



Sociedade Galega de Historia Natural

Sinalan que, sen prexuízo da necesidade dos traballos para unha axeitada conservación do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos, debe elixirse unha data axeitada para as intervencións dende un punto de vista faunístico, para non coincidir coa tempada de cría de diversas especies de vertebrados que empregan o ámbito como refuxio e/ou lugar de cría. Así mesmo, urxen a revisar o actual modelo de restauración do Patrimonio Cultural, para que se integren medidas de conservación dos refuxios, niños e colonias de fauna que habitan estes monumentos.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica


Informan que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades competencia desa Dirección Xeral.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, considérase que o PEPCHA axústase ás determinacións da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e afecta a un ámbito reducido do territorio. O PEPCHA non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para implantar os usos autorizados. En termos xerais, o desenvolvemento do Plan especial terá efectos positivos sobre o medio. No entanto, a continuación se expoñen unha serie de consideracións relacionadas coa proposta e co documento:

En canto á **ocupación do solo**, fanse as seguintes observacións:

- No cruce das rúas Falagueira, Zapaterías, e Cárcere Vella establécese unha zona triangular con ordenanza recinto intramuros (RI), nunhas parcelas sen edificar, rodeadas de edificacións catalogadas, e nun terreo con pendente moderada, onde calquera construción nova podería ocasionar impactos paisaxísticos. Asemade, interrómpanse as visuais dende a zona verde lindeira e



- Unha das torres da muralla que aínda se conservan en pé -monumento BIC do Castelo, Muralla e Fortaleza- atópase dentro da ordenanza RI. Deberase xustificar a conveniencia da cualificación proposta, fronte a súa inclusión nunha zona verde que permita a súa contemplación e a conservación da masa arbórea que a rodea.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44





- A zona verde dos depósitos ocupa parcelas consolidadas que pertencen a edificacións catalogadas. Deberase garantir que a inclusión de parte destas parcelas na zona verde pública non deturpe valores merecedores de protección, tales como muros tradicionais, elementos etnográficos



Respecto do **patrimonio cultural**, o PEPCHA suporá esencialmente un efecto de carácter positivo. No entanto -atendendo ás consideracións do informe emitido pola Dirección Xeral do patrimonio Cultural- obsérvanse efectos relacionados coa preservación de técnicas de construción tradicionais, o emprego de cromatismos e tipoloxías coherentes co ámbito e a asignación de diferentes niveis de protección nun mesmo ben.

En relación ao **patrimonio natural**, O DAE non prevé efectos negativos, ao cualificar os terreos incluídos na Rede Natura 2000 como zona verde. No entanto, non se establece ningunha cautela que mitigue posibles efectos negativos non previstos, como a aparición de flora exótica invasora ou a degradación de hábitats existentes. Ademais, deberá considerarse a presenza de refuxios, nifos e colonias de fauna que habitan nos monumentos protexidos. As rehabilitacións e restauracións que non teñan en conta esta circunstancia poderían afectar negativamente a estas especies.

Os efectos na **paisaxe** serán positivos, se ben cómpre coidar certos aspectos relacionados coa integración paisaxística dos estudos de detalle. En concreto, no ED-1, o emprego de tipoloxías edificatorias non acordes coa contorna, pode ocasionar efectos negativos na paisaxe. Así mesmo, as vivendas que se implanten no ámbito do ED-4 poderían ocasionar un efecto barreira, impedindo as vistas do Mosteiro e Igrexa de San Vicente dende a rúa Real.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL (A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
 Fecha: 07/12/2020
 Hora: 07:44





Vista da rúa Real, co ED-4 á esquerda, e ao fondo unha torre da muralla, o Mosteiro e a Igrexa de San Vicente

Outros posibles efectos paisaxísticos derivan da inserción topográfica do aparcadoiro proposto na rúa de Santo Domingo, ámbito cunha elevada exposición visual ao situarse na ladeira do Monte de San Vicente, na traseira da Igrexa da Régoa.



Vista da rúa Santo Domingo, o aparcadoiro previsto sitúase á dereita, na ladeira arborada

En canto aos **riscos**, o ámbito do estudo de detalle ED-2 vese afectado pola ZFP da ARPSI fluvial Monforte de Lemos (ES010-LU-03-01-27982-10). Trátase dunha parcela non edificada sita á beira do río Cabe. As edificacións que se implanten neste ámbito poden sufrir os efectos das inundacións, polo que se deberá limitar a súa ocupación co fin de minimizar os danos.

Con todo, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados do PEPCHA, posto que -en todo caso- ditas afeccións potenciais son emendables coa adopción de medidas específicas que atendan ás cuestións enunciadas.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos*. Non obstante, establécense as seguintes **determinacións**:

Informe ambiental estratéxico: Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

páxina 10 de 12

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)





- Deberase integrar no documento cada unha das consideracións sinaladas no informe de consultas da **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**.
- Deberase **rexeitar a implantación de novas edificacións** ou aparcadoiros en terreos con pendente elevada que requiran excesivos movemento de terras, así como en ámbitos que contén con valores paisaxísticos ou patrimoniais merecedores de preservar.
- Respecto dos estudos de detalle cómpre atender ás seguintes consideracións en relación á súa **afección paisaxística**: No ED-1 terase en conta o tratamento da zona con tipoloxías edificatorias compatibles con respecto ao cuarteirón no que se atopa. No ED-4 estableceranse determinacións que minimicen o efecto barreira das edificacións que se establezan, conservando as vistas do Mosteiro e Igrexa de San Vicente dende a rúa Real.
- Na **ZEPVN e ZEC Río Cabe** deberase establecer as cautelas necesarias para que os espazos verdes cualificados nestas áreas non ocasionen efectos negativos non previstos. Así, deberase incluír determinacións que motiven a plantación de especies vexetais autóctonas e prohiban o emprego de especies exóticas invasoras. Ademais, recoméndase integrar medidas preventivas no modelo de restauración para preservar os refuxios, niños e colonias de fauna que habitan nos monumentos.
- Deberanse implantar medidas que minimicen os **riscos** á poboación nas **zonas inundables** que afectan ao Plan especial. En concreto, limitarase o fondo de edificación no ED-2, rexeitando edificar nos terreos afectados pola ZFP.
- Cómpre actualizar as referencias ao Plan Hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica Miño-Sil, co establecido no Real Decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o Regulamento de Planificación Hidrolóxica, e outros regulamentos en materia de xestión de riscos de inundación, caudais ecolóxicos, reservas hidrolóxicas e verteduras de augas residuais.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

Conforme:

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos**. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais adversos recoméndase integrar no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitírase ao Concello de Monforte de Lemos para a súa consideración na tramitación do Plan especial.

Informe ambiental estratéxico: Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

páxina 11 de 12

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Plan especial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Plan especial.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático



María Cruz Ferreira Costa

Informe ambiental estratéxico: Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

páxina 12 de 12

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44

DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)





INFORME NO PERÍODO DE CONSULTAS SOBRE EXPEDIENTE DE “PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS” (EXPT. PTU-LU-16/173)

Con data do 30/11/2016 a secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental notifica o trámite de consultas previas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan de referencia de acordo co art. 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

A LSG establece no art. 75.3.b que nos plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo.

Entre a documentación a consultar atópase o borrador do plan especial, datado en novembro de 2016 e redactado pola Oficina de Planeamento, S.A.

Analizada a documentación achegada, e vista a proposta subscribida pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

O concello de Monforte conta cunhas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente o 01.10.1985.

A presente tramitación inclúe:

1. O 23/11/2016 o concello de Monforte achega o “Plan especial de protección do conxunto-histórico de Monforte de Lemos”. Xunto coa solicitude achegase o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan.
2. O 30/11/2016 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental inicia o trámite de consultas no procedemento (exp. núm.: 2016AAE1980).

II. ASPECTOS XERAIS. CONTIDO

O obxecto do presente trámite (consultas da AAE) é determinar se o planeamento obxecto da mesma ten efectos significativos para o medio ambiente.

O Plan Especial de Protección (PEP) contempla a catalogación e preservación do patrimonio material, e os medios e medidas planificadoras para contribuír á recuperación social, económica e funcional do Conxunto (punto 2 do documento ambiental).

O ámbito correspóndese co do Conxunto Histórico-Artístico declarado Ben de Interese Cultural mediante Decreto 187/2005, de 16 de xuño, que modifica o anterior de data 22/02/1973. Acada unha extensión superficial de 69,18 Has, das que 52,51 Has corresponden propiamente ao conxunto declarado, e 17,67 Has ás zonas de respecto.

Contén, dunha banda, a protección, conservación e catalogación do patrimonio cultural, histórico-artístico e arquitectónico ambiental; e doutra, unha proposta de ordenación pormenorizada, coa regulación de usos, condicións da edificación, cualificación urbanística, reservas dotacionais e libres, viabilidade, servizos urbanísticos, etc., ademais da normativa urbanística e o estudo económico e programa de actuación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020	
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)	

DOCUMENTO: 20200411120
 Fecha: 07/12/2020
 Hora: 07:44





III. OBSERVACIÓNS

III.1. Finalidade (artigo 70 da LSG).

A redacción do plan especial ven xustificada pola existencia dun conxunto histórico declarado (art. 71.3 da LSG). Cánto ao ámbito, cabe sinalar que non é coincidente plenamente co do conxunto recollido no decreto 187/2005. A delimitación rectifica a perímetro do conxunto a ordenar, adaptándose ao parcelario existente.

III.2. En relación ás determinacións esixibles:

- a) Nas zonas de Contorno de Ramberde e de Carude existen ámbitos que no planeamento en vigor (NNSS) están clasificados como solo urbanizable non delimitado (solo rústico segundo a D.T. 1ª da LSG). Segundo o artigo 65.2 da LSG o Plan Especial deberá establecer razóns xustificadas para reaxustar a delimitación sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 %, incluso cando o axuste afecte á clasificación urbanística. En todo caso, será necesaria a audiencia aos propietarios afectados.
- b) O plan especial conterá as determinacións que sobre o solo urbano establece o artigo 53 da LSG. Por ilo, nas ordenanzas nas que se permiten novas edificacións e contén con espazos non edificadas terán que se establecer nos planos de ordenación os fondos de edificación así coma os alzados de ordenación (aos que se alude nas distintas ordenanzas) co fin de poder definir todas as condicións de edificación correspondentes a esa zona.
- c) Nos planos de ordenación faise referencia a unha ordenanza de casco antigo (CA), cuxos parámetros reguladores recóllense nos antecedentes de planeamento pero non aparecen nas ordenanzas reguladoras.
- d) Nos ámbitos de planeamento delimitados para ser desenvolvidos por estudos de detalle terán que se establecer as ordenanzas que definan os usos e as condicións estéticas e de composición que logo poidan ser complementadas por esta figura de planeamento (segundo o artigo 79.2.h da LSG e 192.2.h. do Regulamento da LSG). No estudo de detalle ED-1 terase en conta o tratamento da zona con tipoloxías edificatorias compatibles con respecto ao cuarteirón no que se atopa (art. 43.2 da LSG).

III.3. Tramitación.

Unha vez aprobado provisionalmente este plan, o expediente completo debidamente dilixenciado, será remitido a esta Consellería para a emisión do informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva polo concello (artigo 75.1.e da LSG).

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2016
 A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



Mª Encarnación Rivas Díaz



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20200411120
	JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		





OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL EN RELACIÓN CO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE MONFORTE DE LEMOS

DATOS DO EXPEDIENTE

Trámite: Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria
Documento: Borrador e documento ambiental estratéxico (DAE) do *Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos*
Ámbito: Conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos
Autor: Oficina de planeamento, S.A.
Promotor: Concello de Monforte de Lemos
Data da solicitude: 19.12.2016
Código web: 1880/2016
Expediente: 2016/1044

MARCO LEGAL

O instrumento de planeamento urbanístico xeral vixente no Concello de Monforte de Lemos son as Normas subsidiarias de planeamento (en diante NSP), aprobadas definitivamente o 01.10.1985.

A normativa vixente de aplicación é a seguinte:

- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico
- Decreto 798/1971, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico – artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se coloca baixo a protección do Estado os hórreos e cabazos antigos existentes en Asturias e Galicia
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE)
- Resolución do 14 de maio de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (NCSP)
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
- Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial
- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LS)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia

INTRODUCCIÓN

En virtude do previsto no artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o 19.12.2016 ten entrada nesta dirección xeral a consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica do *Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos*, remitida pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, na que se indica que a documentación do borrador e o documento inicial do plan especial pode consultarse na web da consellería competente no medio ambiente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F00L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
<small>DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)</small>		





No marco do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27), correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia. En base á dita competencia fórmulanse as seguintes observacións e suxestións ao *Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos* no tocante ao patrimonio arquitectónico e etnográfico, sen atanguer o patrimonio arqueolóxico:

1 DESCRICIÓN DO PLAN ESPECIAL

O documento presentado procura a aprobación do Plan especial de protección (en diante PEP) do conxunto histórico - artístico de Monforte de Lemos. Este PEP redáctase cunha dobre finalidade, tal e como se sinala no segundo apartado do DAE: a de protección do patrimonio cultural e a de rehabilitación, propoñendo "actuacións dirixidas a recuperar e impulsar os valores sociais, culturais, económicos, ambientais, edificatorios e funcionais do conxunto". Os obxectivos xerais da ordenación que se establecen no DAE son os seguintes:

- A salvagarda do patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e cultural
- A recuperación do uso residencial e a actividade económica
- A mellora das condicións de vida, evitando o deterioro da zona
- A integración da zona no contexto funcional da cidade
- A protección dos valores ambientais e paisaxísticos

A intervención proposta alcanza dous niveis desde o punto de vista do planeamento urbanístico, segundo o afirmado no DAE:

- A definición dunha estratexia xeral para a recuperación do conxunto histórico, na que se enmarcan as políticas de rehabilitación dirixidas á ordenación da estrutura xeral viaria, a regulación de usos e o establecemento de medidas xerais de protección e conservación e do marco normativo necesario para o seu desenvolvemento.
- A ordenación pormenorizada do conxunto histórico, coas determinacións propias do solo urbano consolidado.

2 INCIDENCIA SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que conorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados¹.

En Monforte de Lemos hai tres Bens de Interese Cultural (en diante BIC) declarados individualmente, así como diferentes bens afectados polos coñecidos como decretos xenéricos de protección. Dos tres BIC con declaración individualizada, dous están dentro da delimitación do conxunto histórico:

- O casco antigo da cidade de Monforte de Lemos, declarado conxunto histórico polo decreto 444/1973, de 22 do febreiro, e afectado polo decreto 187/2005, do 16 de xuño, polo que se modifica a delimitación do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos na provincia de Lugo
- A muralla e fortaleza de Monforte de Lemos, declaradas monumento polo decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois e pola Resolución da *Dirección General de Bellas Artes y Archivos* do 17 de outubro de 1994

A Resolución do 14 de maio de 1991, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, pola que se aproban as normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra incorpora no seu anexo un inventario do patrimonio histórico-artístico por concellos. No Concello de Monforte de Lemos identifícanse tres bens dentro da categoría de mámoas e dólmenes e 18 bens na de castrexo. No tocante ao patrimonio arquitectónico, identifícanse 51 bens de arquitectura relixiosa, un edificio público, 25 casas e pazos, unha fonte, unha ponte, dous bens de arquitectura defensiva e 4 elementos etnográficos. Todos estes bens teñen a consideración de bens catalogados, en aplicación da Disposición adicional segunda da LPCG e da Disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

¹ Artigo 1.2 da LPCG



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F00L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		





As NSP vixentes en Monforte de Lemos non conteñen un catálogo de bens do patrimonio cultural; porén, o anexo I bis da memoria achega un acordo da Comisión Provincial de Protección del Patrimonio Histórico-Artístico sobre condicións de edificación na rúa Cardenal. Se ben este acordo non ten ningunha repercusión no tocante á protección dos bens aos que fai referencia, pon de relevo a importancia desta rúa dentro do conxunto e o valor arquitectónico dos seus edificios.

Por outra banda, tense constancia do paso por Monforte de Lemos do Camiño de Santiago de Inverno, recoñecida como unha das rutas principais dos Camiños de Santiago no artigo 73.2 da LPCG. Esta ruta ten a consideración de ben catalogado, coa categoría de territorio histórico, tal e como determina o artigo 75.1 da LPCG. A traza do Camiño de Santiago de Inverno non ten sido delimitada aínda, polo que non se coñece con precisión o territorio afectado por ela.

Ademais, no documento presentado faise referencia a outros bens con valores merecedores de protección, en concreto menciónase o cruceiro na praza de España, diferentes estatuas, escudos de armas, placas conmemorativas e dous selos esculpidos en pedra nas fachadas de dous edificios do conxunto histórico.

3 MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS

O ámbito definido para o PEP coincide coa delimitación do decreto 187/2005, do 16 de xuño, polo que se modifica a delimitación do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos na provincia de Lugo. O plano núm. 1 do borrador delimita os terreos afectados pola declaración de BIC e catro zonas denominadas "ámbito zonas de contorno BIC". Enténdese que estas catro zonas se corresponden co concepto de contorno de protección do BIC, definido no artigo 12 da LPCG.

Cómpre lembrar que a determinación excluínte 9.3 das DOT establece que calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación.

Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

O documento presentado é bastante exhaustivo no tocante á identificación dos bens do patrimonio cultural, mais cómpre facer fincapé en que toda a información recompilada debe organizarse de xeito que a súa consulta sexa doada e intuitiva e que toda esta información a cumpra coas esixencias determinadas pola LPCG.

O artigo 56 da LPCG establece o contido do plan especial de protección:

- A definición da estrutura territorial do ben en función da súa natureza, a análise da súa significación cultural e as características xerais do contorno e os criterios para mantela, coa documentación histórica e a información gráfica e planimétrica necesaria para unha completa descrición de todos os elementos que constitúen o ben. As modificacións de aliñacións e rasantes existentes, as alteracións da edificabilidade, os incrementos de volume e as parcelacións e agregacións de inmobles serán obxecto de estudo pormenorizado no plan, que deberá xustificar o seu mantemento, modificación ou supresión.
- Un catálogo exhaustivo de todos os bens que o conforman, incluídos aqueles de carácter ambiental, sinalados con precisión nun plano topográfico, e con fichas individualizadas coa súa descrición e a referencia ás intervencións e medidas concretas previstas para a conservación dos seus valores culturais.
- Normas específicas para a protección do patrimonio artístico, arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico, clasificado segundo os niveis de protección previstos nesta lei.
- Condicións para a autorización das intervencións, de conformidade co disposto nesta lei.
- Os criterios relativos á conservación de fachadas, cubertas e instalacións sobre estas, así como dos elementos máis significativos existentes no interior de inmobles.
- As posibles áreas de rehabilitación que permitan a recuperación dos usos tradicionais, en especial o residencial, e as actividades económicas adecuadas.
- A orde prioritaria dos usos públicos nos edificios e espazos que sexan aptos para iso.
- A zonificación das áreas de fertilidade arqueolóxica, solucións técnicas e medidas financeiras.
- Excepcionalmente, as remodelacións urbanas propostas que impliquen unha mellora das súas relacións no ámbito territorial ou eviten usos degradantes para o ben ou melloren as súas condicións de apreciación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44





O apartado 5.4 do borrador analiza a “protección e catalogación do patrimonio cultural, histórico-artístico, arquitectónico e ambiental”. A proposta de “catálogo básico” para a protección do patrimonio arquitectónico establece catro niveis de protección:

- Edificios monumentais
- Edificios de excepcional significación arquitectónica, histórica e cultural
- Edificios de características singulares e elevado valor arquitectónico
- Edificios de características tipolóxicas e compositivas de significación arquitectónica

Cómpre lembrar que o alcance da protección nos bens do patrimonio arquitectónico derivará da relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación e clasificarase nos niveis definidos no artigo 41.1 da LPCG: protección integral, protección estrutural e protección ambiental. Nos bens inmobles poderán definirse na súa delimitación diferentes niveis de protección nas súas partes integrantes, derivados do alcance do seu coñecemento ou derivadas da presenza de restos ou estruturas². Aos bens declarados de interese cultural corresponderalles sempre unha protección integral, sen prexuízo dos diferentes niveis de protección que correspondan a algún dos elementos singulares que compoñen en conxunto un ben de carácter territorial³.

Asemade, as intervencións nos bens, no seu contorno ou na súa zona de amortecemento, clasificaranse segundo os modelos establecidos no artigo 40 da LPCG. As actuacións autorizables segundo o nivel de protección asignado adaptaranse ao establecido no artigo 42 da LPCG. Todos estes datos figurarán expresamente nas fichas do catálogo para cada un dos bens de xeito individualizado. No borrador detállanse as actuacións autorizables para os edificios en cada un dos catro niveis de protección. Deberase ter en consideración que as actuacións que excedan as de mantemento sobre os bens declarados ou catalogados esixirán a elaboración do correspondente proxecto de intervención segundo o disposto no artigo 43 da LPCG.

A LSG establece no seu artigo 71.3 que os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións esixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81. O artigo 81 define este instrumento complementario dos plans e concreta que conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación. Nesta liña, a LPCG procura a protección do patrimonio cultural no planeamento urbanístico, determinando que os instrumentos de planeamento urbanístico incluírán necesariamente no seu catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural [...] situados no ámbito territorial que se desenvolvan, no momento da aprobación inicial da figura de planeamento⁴. As fichas que se inclúan no catálogo de protección deberán cumprir cos anteditos mandatos legais, facendo especial fincapé no seu contido e claridade.

No apartado 5.4 do borrador faise referencia ao “catálogo de protección” como “documento anexo do plan”, ao que se remite para as consideracións técnicas do detalle acadado. Afírmase tamén que a “sistemática determinativa desenvólvese na normativa de ordenación”. O catálogo recolle os elementos protexidos agrupados en tres ordes: a edificación, o espazo público, os elementos naturais e ambientais e a arqueoloxía. O artigo 9.3 da LPCG define o patrimonio cultural inmaterial, entre outros, como os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular [...] as técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos. A construción en tapia é unha técnica construtiva tradicional característica nas terras de Lemos. Existen varios estudos sobre as construcións en tapia en Monforte de Lemos, así como referencias de autores do século XIX e comezos do XX como Ricardo Becerro ou C. Gasquoine Hartley. Ademais de recoñecer as edificacións en tapia existentes, identificando as tres tipoloxías características na zona, deberase incluír no catálogo de protección a propia técnica construtiva como un coñecemento tradicional con valor inmaterial. Deberase establecer tamén unha estratexia de conservación específica para este tipo de construcións que permita compatibilizar a súa protección, conservación e posta en valor coas actuacións que sexan necesarias para garantir o seu uso e funcionalidade.

² Artigo 41.2 da LPCG

³ Artigo 41.3 da LPCG

⁴ Artigo 35.1 da LPCG



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200411120
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020		Fecha: 07/12/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020		Hora: 07:44
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41		
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		





O apartado 5.2 da memoria detalla as actuacións de rehabilitación do espazo público e a mellora do ambiente urbano. Estas actuacións deberanse axustar á zonificación arqueolóxica, asumindo todas as cautelas que sexan oportunas en relación coa fertilidade arqueolóxica da zona. Sen ánimo de entrar en maior detalle, posto que non se trata dun contido propio do nivel de detalle deste documento, cómpre sinalar que os proxectos técnicos que se redacten para a execución desas actuacións de urbanización deberán ser respectuosos cos bens catalogados no seu contorno. Deberá prestarse especial atención aos pormenores dos proxectos que afecten directamente aos bens protexidos, como por exemplo os encontros dos novos pavimentos coas edificacións existentes ou con bens do patrimonio etnolóxico como muros ou pavimentos tradicionais. Este problema podería darse, por exemplo, en situacións nas que sexa necesario salvar cotas entre diferentes elementos, polo que se deberá prestar especial atención a estas solucións. Asemade, estes proxectos deberán incluír medidas específicas dirixidas á protección e conservación dos bens catalogados, de xeito que a nova actuación non supoña un risco para eles.

En relación coas actuacións de urbanización, darase preferencia ao uso de materiais e técnicas tradicionais propios da zona. O novo deseño deberá ser acorde coas características do contorno, empregando un cromatismo, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito.

O borrador do plan especial prevé cinco estudos de detalle no seu ámbito. Cómpre lembrar que toda vez se proceda ao seu desenvolvemento, estes deberán ser sometidos ao informe da consellería competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado⁵.

En aras do fácil manexo do documento do plan especial, sería oportuno estruturalo dun xeito máis claro para que a súa consulta non resulte tan laboriosa. Poderíase incluír tamén un plano guía ou algunha solución similar para poder identificar con facilidade os quinteiros numerados dentro do ámbito do plan especial. En relación coa feita do documento, cómpre salientar que o plano de cualificación representa toda a parcela do colexio dos Escolapios cun mesmo sombreado. Esta representación é confusa, deberíase diferenciar o edificio protexido dos terreos libres onde están as pistas deportivas e demais espazos vinculados ao colexio. A relevancia deste ben require realzar a súa posición, recoñecer os seus valores e outorgarlle un nivel de protección acorde con eles.

CONCLUSIÓN

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións no *Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos*.

Unha vez aprobado inicialmente o plan especial, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá achegar o documento debidamente dilixenciado.

Santiago de Compostela, 06 de febreiro de 2017

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua



⁵ Artigo 34.1 da LPCG

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44





La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFICINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

*DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020
ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)*

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44





CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Expediente: P-16-595

Denominación: Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos

Concello: Monforte de Lemos (Lugo)

Promotor: Concello de Monforte de Lemos

Expediente AAE: 2016AAE1980

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o borrador e o documento ambiental estratéxico do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos, dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade coa Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, as cales encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

En relación co Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo decreto 119/2016, do 28 de xullo, o ámbito da modificación sitúase dentro da comarca paisaxística Sarria-Terra de Lemos, que forma parte da grande área paisaxística Chairas e Fosas Luguesas.

O ámbito ten unha extensión superficial de 69,18 Ha. O monte San Vicente constitúe unha referencia en Monforte por tratarse dun fito paisaxístico que se erixe na chaira do río Cabe. A este feito hai que sumarlle o valor monumental do tecido intramuros (convento, murallas, Torre e Pazo Condal), oo curso do río Cabe e a Ponte Medieval e os tecidos xurdidos entre a vexetación e hortas nas súas ladeiras e partes máis baixas, que toman como puntos de partida a Porta da Cárcere Vella e a Praza da Pescadería e como eixes de desenvolvemento os camiños de saída da cidade. Destacan notablemente o complexo do Colexio de Santa María da Antiga e o Campo da Compañía que se erixen como o conxunto arquitectónico máis característico da cidade.

O plan ten por obxecto a ordenación pormenorizada do conxunto histórico co tipo de determinacións propias do solo urbano en canto a asignación e regulación de usos, reservas dotacionais e libres, vialidade, servizos urbanísticos, etc., articuladas sobre unha análise sistemática das características da edificación que permitan unha cualificación correcta do solo, o deseño dunha normativa coherente cos caracteres de cada tipoloxía edificatoria, a identificación do tipo de intervención preferente en cada edificio e rúa, a catalogación axeitada do patrimonio edificado e a acertada confección da normativa de protección evidencian un correcto tratamento dos aspectos paisaxísticos da vila.

No borrador do plan evidénciase unha consideración integrada da problemática que implica a ordenación dun conxunto histórico, que garda unha especial e directa relación coa paisaxe, en particular coa paisaxe urbana e a súa relación co medio exterior, xa que conxunto monumental de San Vicente do Pino ten unha destacada presenza no territorio. Nese sentido o documento de inicio expresa que na elaboración do plan especial se van ter en conta todas as variables que inflúen e influirán na percepción da vila histórica de Monforte, polo que os efectos que cabe esperar do plan especial serán necesariamente positivos.

galicia



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Por tanto, considérase que o plan especial non terá un impacto significativo sobre a paisaxe do concello de Monforte, e que en todo caso será de carácter positivo.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

O director do Departamento Técnico de Estudos


José Luis Álvarez Vicente


Alfredo Fernández Ríos

Visto e conformado a directora do Instituto de Estudos do Territorio


Inés Santé Riveira



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41

DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVEMBRO DO 2020. ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120

Fecha: 07/12/2020

Hora: 07:44



Re: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2016AAE1980): Monforte de Lemos

SGHN- Presidente []

Enviado: domingo, 04 de diciembre de 2016 13:15

Para: Estratexica, Avaliación Ambiental

Nome do plan: Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos

Promotor e órgano substantivo: Concello de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

Código web: 1880/2016

Como xa fixo con anterioridade no caso de obras de restauración na muralla de Lugo (http://www.sghn.org/Actuacions_Xeral/Biodiversidade/Patrimonio_cultural_e_natural.html), SGHN desexa facer constar que o patrimonio cultural é tamén con moita frecuencia un importante patrimonio natural e que:

- Sen prexuício da necesidade dos traballos para unha axeitada conservación do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos, debe elixirse unha data axeitada para as intervencións dende un punto de vista faunístico, para non coincidir coa tempada de cría de diversas especies de vertebrados que o empregan como refuxio e/ou lugar de cría.
- É importante e urxente replantexar o actual modelo de restauración do Patrimonio Cultural. Dende logo é imprescindible, e prioritaria, a perspectiva humana na restauración de monumentos e cascos históricos, pero o interese das persoas non ten porque estar reñido co dos seus outros “inquilinos”. Se cirrios, morcegos, curroxos, carrizas, curuxas, lagartixas e tantas outras especies dependen en boa medida do refuxio que lle proporcionan os monumentos humanos, ¿por qué deshaucialos? Velaí están os exemplos de Amsterdam, onde dede hai máis de 30 anos nos edificios restaurados deben conservarse os emprazamentos dos niños de cirrio, ou do Reino Unido, onde a restauración de monumentos contempla especificamente a conservación das colonias importantes de morcegos.

En Santiago de Compostela a 4 de decembro de 2016

Presidente SGHN

Fecha: 30 de novembro de 2016 a las 10:04

Asunto: Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (exp.: 2016AAE1980)

Na páxina web http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental está á súa disposición o documento ambiental estratéxico e o borrador do seguinte plan:

Nome do plan: Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos

Promotor e órgano substantivo: Concello de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

Código web: 1880/2016

co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece o artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

O prazo para esta consulta está aberto dende o día 30/11/2016 ata o día 30/01/2017.

No caso de que o estimen conveniente, prégame envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación aos posibles efectos ambientais significativos do Plan.

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA JOSE ANGE VINA CARREGAL A 15030422 OFICINA DE MANEJAMIENTO SAT - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	DOCUMENTO: 20200411120 Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)		



Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Rúa San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf. 981 957 672 Fax: 981 541 048
e-mail:avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.es
SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL
Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego
Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.sghn.org sghn@sghn.org

Nota: De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (L.O.P.D.), a Sociedade Galega de Historia Natural garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos datos de carácter persoal. Así mesmo, informámoslle da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando un escrito de comunicación á Sociedade Galega de Historia Natural.

Advertencia legal: Esta mensaxe de correo electrónico vai dirixida exclusivamente ao seu destinatario e contén información confidencial cuxa divulgación non está permitida. No caso de recibir esta mensaxe de correo electrónico por erro, rogámoslle que inmediatamente no lo comunique por esta mesma vía, e informámoslle de que a súa lectura, copia, divulgación ou uso, calquera que fora súa finalidade, están prohibidos, polo que, tamén de xeito inmediato, debe vostede proceder a súa completa eliminación, así como a de calquera documento adxunto o mesmo.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA JOSE ANGE VINA CARREGAL/A15030422/OFICINA DE MANEJAMENTO SAT - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41	DOCUMENTO: 20200411120 Fecha: 07/12/2020 Hora: 07:44
	DILIGENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 62 86 – Fax 981 54 62 88

galicia

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
San Lázaro, s/n
15781, Santiago de Compostela

ASUNTO: RESPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA AO TRÁMITE DE CONSULTAS DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Con data 30.11.2016, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental comunica por correo electrónico á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, o novo inicio do trámite de consultas correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do seguinte plan:

Nome do plan: Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico de Monforte de Lemos

Promotor e Órgano substantivo: Concello de Monforte de Lemos

Expediente: 2016AAE1980

Código web: 1880/2016

Informámoslle que as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades competencia desta Dirección Xeral, establecidas no *Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar* (DOG nº 221 do 19/11/2015).

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

O Xefe de Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura

Juan Fernández Otero



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000645F000L1K6W7E5J2B4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE ANGEL VIÑA CARREGAL(A15030422-OFCINA DE PLANEAMIENTO SA) - 09/11/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/12/2020 07:44:41
DILIXENCIA: PARA FACER CONSTAR QUE ESTE DOCUMENTO FOI APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 16 DE NOVIEMBRO DO 2020 ESTE DOCUMENTO ES UNA COPIA DEL DOCUMENTO ORIGINAL(411128)

DOCUMENTO: 20200411120
Fecha: 07/12/2020
Hora: 07:44

